



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CEIPP da Ramallosa

Travesía da Ramallosa, 9
15883 – Teo (A Coruña)
Teléfonos: 881866491 – 881866494
www.edu.gal/centros/ceipramallosa
ceip.ramallosa@edu.xunta.gal



CEIP da Ramallosa

Programación Xeral

Anual

CURSO 2023/24



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CEIPP da Ramallosa

Travesía da Ramallosa, 9
15883 – Teo (A Coruña)
Teléfonos: 881866491 – 881866494
www.edu.gal/centros/ceipramallosa
ceip.ramallosa@edu.xunta.gal

Índice

1. CONSIDERACIÓNS XERAIS.....	4
2. PRINCIPIOS BÁSICOS QUE INSPIRAN O FUNCIONAMENTO DO CENTRO E O DESENVOLVEMENTO DO P.X.A.....	5
3. DOCUMENTOS QUE REGULAN A ACTIVIDADE DO CENTRO.....	5
4. DEPENDENCIAS.....	5
4.1 AULA-LOCAL ANPA.....	5
4.2 AULA DE INFORMÁTICA.....	6
4.3 ALMACÉN DE AUDIOVISUAIS.....	6
4.4 BIBLIOTECA.....	6
4.5 SALA DE PERSOAL.....	6
4.6 ORIENTACIÓN.....	6
4.7 OUTRAS DEPENDENCIAS.....	6
4.8 GUÍA DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS COMÚNS.....	7
4.9 RELACIÓN DE OBRAS SOLICITADAS E DESENVOLTAS.....	8
5. OS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	9
5.1 O TRANSPORTE.....	9
5.2 O COMEDOR ESCOLAR.....	10
6. INFRAESTRUTURA DE PERSOAL.....	10
6.1 O CLAUSTRO DE PROFESORES.....	10
6.2 ADSCRICIÓN E HORARIOS DO PROFESORADO.....	11
6.2.1 <i>Gardas de patio e transporte:</i>	11
6.2.2 <i>Gardas:</i>	11
6.2.3 <i>Horario do centro:</i>	11
6.3 REFORZOS EDUCATIVOS.....	14
6.4 O ALUMNADO.....	14
6.4.1 <i>Criterios de distribución:</i>	14
6.5 O PERSOAL NON DOCENTE.....	15
6.6. OS ÓRGANOS DE GOBERNO.....	15
6.6.1 <i>Os órganos unipersoais:</i>	15



6.6.2 O Consello Escolar:	15
7. O PLAN DO CURSO 2023/24:	16
7.1 OBXECTIVOS XERAIS:	16
7.1.1. En canto ao profesorado:	16
7.1.2 En canto ao alumnado:	16
7.1.4. En canto á contorna:	18
7.1.5. En canto á Administración e Recursos:	18
7.2 OBXECTIVOS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE:	18
7.2.1. Equipos docentes:	18
EDUCACIÓN INFANTIL:	18
1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:	20
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:	21
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:	22
7.2.2. Equipos de coordinación Docente:	23
* Tecnoloxías da Información e da Comunicación/ * O Equipo de Dinamización da Lingua Galega/ * Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares/ * Biblioteca Escolar. Plan Anual de Lectura:	23
7.3 PROGRAMAS DE INNOVACIÓN E DE FORMACIÓN:	55
7.4. CALENDARIO DE REUNIÓN:	56
CONSELLO ESCOLAR:	56
CLAUSTRO:	57
OUTROS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE:	57
7.5. A AVALIACIÓN:	57
7.5.1. A avaliación dos alumnos/as:	57
7.5.2. A avaliación do Plan Xeral Anual:	58
8. ALTERACIÓN AO CALENDARIO ESCOLAR:	59
9. SEGURO ESCOLAR:	59
10. ORZAMENTO:	60
11. ANEXO:	61

1. **CONSIDERACIÓNS XERAIS**

Este documento é unha recompilación dos datos máis relevantes do centro para o curso 2023/24. Elaborado entre todos os equipos docentes, o E.D. e os/as coordinadores/as das distintas comisións. Incidimos sobre todo nos aspectos novos ou naqueles que manteñen a súa vixencia e idoneidade por ser a nosa referencia organizativa.

Afrontamos este curso con total normalidade. Pero sempre tendo presente as distintas formas de traballar para afrontar e dar resposta ás diferentes variables que poidan xurdir ao longo do curso coa única finalidade de dar a mellor resposta e así garantir as aprendizaxes do noso alumnado.

Renovamos a participación nos proxectos Edixgal e continuamos como centro Plurilingüe, impartíndose a área de Plástica en Lingua Inglesa no primeiro, segundo e terceiro curso de E.P. Ademais este curso podemos continuar coas Seccións Bilingües nos restantes cursos xa que contamos con profesorado especialista para impartilas. Continuamos tamén coa participación no Programa PROA+, esta participación constitúe unha das actividades pancas incluídas no Plan Estratéxico de Mellora (PEM); documento que seguiremos a mellorar no presente curso. Seguimos no programa “Escola Verde” e desenvolveremos tamén o “Proxecto Didáctico Antonio Fraguas”, ámbolos dous dentro do Plan Proxecta +.

O presente curso implementaremos o Plan de Dixitalización do Centro e continuamos co Programa de Innovación Educativo Polo Creativos.

Daremos continuidade, por cuarto ano consecutivo, ao proxecto de “Iniciación á robótica na Educación Primaria” que vimos desenvolvendo nos cursos de quinto e sexto. Este proxecto traballárase de xeito transversal, incidindo fundamentalmente nas área de matemáticas.

Seguiremos promovendo a lectura a través da participación no PLAMBE.

Mantemos o proxecto de arte na Educación Infantil que pretende despertar e potenciar a creatividade coa utilización de variadas técnicas e materiais. O **período de adaptación** nesta etapa educativa organizouse do seguinte xeito:

➔ Os días 11 e 12 de setembro organizáronse catro quendas distribuíndo o alumnado por orde alfabético.

➔ Os días 13 e 14 de setembro organizáronse tres quendas seguindo o mesmo criterio de distribución.

➔ O 15 de setembro acudirán todos os nenos/as xuntos dende as 9:20 ata 13:30.

➔ A partir do día 18 de setembro todo o alumnado fará horario normal.

Continuaremos tamén coa modernización de recursos introducidos nos cursos anteriores en 3º e 4º de primaria que consiste no traballo con contidos dixitais. O alumnado traballará con tabletas e/ou ordenadores e a plataforma Snappet dará cobertura aos contidos.

2. PRINCIPIOS BÁSICOS QUE INSPIRAN O FUNCIONAMENTO DO CENTRO E O DESENVOLVEMENTO DO P.X.A.

- Participación democrática de todas as persoas da Comunidade Educativa nos órganos correspondentes: Claustro, Equipos docentes, Consello Escolar... para acordar a toma de decisións.
- Flexibilidade e dinamismo do Plan que permita a introdución de novas propostas e iniciativas que xurdan ao longo do curso encamiñadas a mellorar a calidade do ensino ou a supresión daquelas que, aínda contempladas inicialmente, se estimen no seu momento innecesarias.
- Avaliación continua do Plan para valorar o seu desenvolvemento e introducir, se é o caso, as medidas correctoras oportunas.
- Colaboración permanente con outros centros educativos (C.E.I.P., I.E.S., U.S.C....) e/ou con outros organismos ou institucións da contorna para intercambiar información e aproveitar o potencial educativo derivado das propostas que se nos oferten.

3. DOCUMENTOS QUE REGULAN A ACTIVIDADE DO CENTRO

Seguiremos a avaliar o funcionamento do PEC, do Plan de Convivencia, do PAT, Plan TIC... para, se é o caso, introducir as modificacións oportunas coa fin de melloralos e adecualos ás necesidades reais da actividade académica.

4. DEPENDENCIAS

Ademais das aulas correspondentes a cada unha das titorías, o centro dispón das seguintes dependencias:

4.1 AULA-LOCAL ANPA

No presente curso este espazo volve a estar a disposición exclusiva da ANPA.

4.2 AULA DE INFORMÁTICA

Este curso este espazo está destinado ó desenvolvemento do Programa de Innovación Educativa Polos Creativos, a participación neste programa supón a dotación de mobiliario e material dixital e precisa dun espazo estable e accesible.

4.3 ALMACÉN DE AUDIOVISUAIS

Durante este curso utilizarase como almacén para o material da área de Educación Plástica.

4.4 BIBLIOTECA

No presente curso volverase a dinamizar a uso da Biblioteca escolar a través das titorías, sendo os titores/as os encargados de organizar e planificar as tarefas realizadas na mesma.

4.5 SALA DE PERSOAL

Espazo para que o profesorado e o persoal non docente do centro poidan desenvolver as súas xuntanzas; pero sobre todo é un espazo pensado para favorecer a calidade na relación de todo o persoal do colexio na busca e consolidación dunha convivencia acorde cun centro educativo. Está situado na zona de oficinas, no primeiro andar.

4.6 ORIENTACIÓN

Despacho para a profesora titular desta especialidade, que permite desenvolver reunións de equipo e entrevistas ao alumnado e/ou familias.

4.7 OUTRAS DEPENDENCIAS

Actualmente temos dúas aulas especializadas: **a aula de música e a aula de inglés** (esta habilitouse no presente curso).

O **salón de actos** utilizarase como espazo para levar a cabo a área de Plástica e para desenvolver o Obradoiro de Arte que se desenvolve en Educación Infantil. Neste curso volverase a utilizar como lugar de celebración de festivais, como sala de audiovisuais ou para desenvolver outras actividades de gran grupo que requiran un espazo amplo, como ensaios de festivais, charlas e conferencias, presentacións...

Poderá utilizarse como sala de reunións para os Consellos Escolares ou Claustros.

Contamos, así mesmo, co **polideportivo municipal** que o Concello deixa, no horario lectivo, a disposición do colexio; tamén dispoñemos dun **ximnasio** construído no curso 2008-09 que se utiliza para clases de educación física.

Temos un amplo patio de recreo, illado das zonas de vehículos. Educación Infantil

conta cun patio de recreo propio separado do patio de Educación Primaria.

Segue a funcionar o aparcamento para as familias na zona detrás do ximnasio, con portais de entrada e saída para vehículos e acceso ao recinto escolar con portal e que está convenientemente illado do patio de recreo mediante cerramento con valado metálico.

O Concello encárgase de realizar obras de acondicionamento e mantemento no colexio consistentes en reparacións eléctricas, de fontanería e de carpintería e pintura.

4.8 GUÍA DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS COMÚNS

No documento das N.O.F (Normas de Organización e Funcionamento) recolleemos en puntos diferentes a organización dos espazos do centro e as súas normas para unha utilización responsable. Son os seguintes:

- **CAPÍTULO IV. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS COMÚNS.**

- **Artigo 23. XIMNASIO**

O ximnasio é un espazo deseñado para o desenvolvemento da área de E.F., que terá prioridade sobre calquera outra actividade. Ademais compre ter en conta as seguintes normas.

1. O alumnado non poderá permanecer no ximnasio sen a autorización do profesorado.
2. Para desenvolver actividades de E.F. neste espazo é preciso dispoñer do calzado apropiado (zapatillas deportivas).
3. Os servizos hixiénicos do ximnasio son de uso exclusivo dos usuarios/as do mesmo durante as actividades deportivas. Tamén está permitida a súa utilización polo alumnado de educación infantil nos recreos desta etapa, cando se desenvolvan no patio, dada a súa proximidade.
4. No horario de cada curso estará reservada unha hora semanal, como mínimo, para o desenvolvemento da área de E.F. e/ou psicomotricidade.
5. Non se poden consumir alimentos dentro do ximnasio, salvo en actividades programadas.
6. O respecto e coidado do material do ximnasio rexerese polas mesmas normas que o do resto do material do centro.
7. Non se poderá sacar ningún material ao exterior sen a debida autorización do profesorado responsable.
8. Ao rematar as sesións o material deberá quedar recollido e os espazos en

condicións de utilizarse por outros grupos.

○ Artigo 24. POLIDEPORTIVO “EZEQUIEL MOSQUERA”

As instalacións do polideportivo son propiedade do concello de Teo, que permite a súa utilización en horario escolar ao CEIP da Ramallosa. É importante a atención e coidado deste espazo na medida en que é un local público á disposición dos veciños e veciñas do concello.

1. Dentro do horario lectivo escolar non se poderá utilizar o polideportivo sen autorización do profesorado do centro.
2. As actividades no mesmo estarán limitadas ao desenvolvemento da área de E.F.
cando o ximnasio non estea libre, ou a actividades colectivas deseñadas no P.X.A. que teñan autorización do concello de Teo.
3. Calquera incidencia no material ou nas instalacións deberán comunicarse coa máxima urxencia ao equipo directivo.
4. Ao remate da xornada escolar procurarase deixar o polideportivo en condicións de ser utilizado polos usuarios e usuarias do mesmo.

4.9 RELACIÓN DE OBRAS SOLICITADAS E DESENVOLTAS

• OBRAS SOLICITADAS Á XEFATURA TERRITORIAL

Estas son as solicitudes de obras e melloras pendentes tramitadas á Xefatura Territorial:

- Continuación da eliminación de barreiras arquitectónicas. Dotación dun ascensor, tendo en conta a posibilidade de ter alumnado do 3º ciclo e que tería serias dificultades para acceder ás aulas Abalar (situadas no 2º andar), entre outros problemas de mobilidade polo centro.
- Remodelación dos pisos (terrazo) e das escaleiras interiores (moi gastadas) do edificio principal.
- Construción dun aseo na planta baixa no edificio anexo, xa que nesa planta atópase a biblioteca, a aula de Inglés e a aula de Música.
- Mantemento estético do exterior do edificio anexo.
- Substitución de cubertas (tellados de uralita) no edificio anexo.
- Reparación dun cristal roto dunha placa solar do ximnasio.

CEIPP da Ramallosa

- Eliminación do antigo depósito de auga e canalización das augas (cando chove con intensidade reborda e a auga corre polo patio facendo sucos e arrastrando areas e follas que logo atascan os desaugues na zona de paso máis frecuente.
 - Substitución das portas pequenas dos sotos para o acceso ás bombas de auga e gasóleo por pranchas de aluminio ou aceiro inoxidable con apertura vertical.
 - Reparación da cuberta de metacrilato do patio cuberto, entra moita auga os días de choiva.
- RELACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DESENVOLTAS POLO CONCELLO DE TEO:

O Concello de Teo, ademais de acometer pequenas obras de mantemento e conservación, sobre todo de fontanería e electricidade, desenvolveu as seguintes intervencións:

- Mantemento das caldeiras.
 - Limpeza dos canais de desaugue do patio.
- OBRAS COMPETENCIA DA XEFATURA TERRITORIAL.
Están pendentes as seguintes actuacións:
 - Eliminación do óxido e pintado das vigas e da parede no lugar por onde se produciu unha filtración de auga dos canalóns do tellado do ximnasio. Recentemente volveron selar con silicona a zona da filtración.
 - OBRAS DESENVOLTAS POLO CENTRO.
 - Continuación de melloras no comedor escolar: cambio da ventá interior que separa a cociña do comedor.
 - Instalación dunha ventá no faladoiro da radio.
 - Acondicionamento do salón de actos.
 - Instalación de dous rocódromos nos patios de E.I. e E.P.
 - Pendente para o presente curso: construción dun invernadoiro para a horta escolar.

5. OS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

5.1 O TRANSPORTE

Os seis itinerarios que compoñen as rutas de transporte están cubertos polas empresas Seoane e Monbús.

5.2 O COMEDOR ESCOLAR

O comedor escolar está clasificado como categoría D, polo que dispón do seguinte persoal laboral: unha oficial 2ª e tres axudantes de cociña.

No presente curso atendemos a 314 alumnos/as usuarios/as de comedor. Hai 166 usuarios/as que son de pago e o resto de gratuidade total. A estes hai que engadirles 15 nais/pais colaboradores/as, 4 membros do persoal de cociña, o coidador do centro (para a atención específica a dous alumnos), o director e a encargada de comedor. Polo tanto, en total, resultan 336 usuarios/as de comedor.

A confección dos menús realízase mensualmente e comunícaselle aos pais para favorecer unha dieta equilibrada que se complemente coas outras comidas que os alumnos/as toman na casa: cea, merenda... Para a súa confección, séguense as recomendacións das autoridades sanitarias en materia de hixiene, nutrición..., tendo tamén como referencia o monográfico editado pola Xunta de Galicia “Alimentación e nutrición na escola: Menús saudables no comedor escolar”

O persoal colaborador do comedor son os/as responsables de servir e axudar aos nenos e nenas que o precisen.

Ademais do Director e a encargada de comedor, durante a comida e o descanso posterior ata a hora de saída do transporte escolar, os/as alumnos/as están atendidos polo persoal colaborador do comedor: quince colaboradores/as que fan gardas diariamente.

No desenvolvemento diario do comedor tratamos de concienciar aos nenos e nenas da necesidade de manter un ton axeitado para non acadar os niveis sonoros prexudiciais para a saúde auditiva, deles e do resto do persoal do centro. Conscientes da complexidade deste proceso implicouse tamén a todo o profesorado para tratar a cuestión como contido transversal.

O servizo de madrugadores este curso será atendido polo Concello de Teo e desenvolverase no propio comedor.

Compre sinalar que hai nos últimos cursos desenvolvemos a normativa do comedor, que está exposta na web do centro. Incorporáronse ás N.O.F. e terán o mesmo tratamento de revisión que estas.

6. INFRAESTRUTURA DE PERSOAL

6.1 O CLAUSTRO DE PROFESORES

Este curso compoñemos o Claustro 34 profesores/as, incluíndo @ docente do Programa Proa+ e o profesor ADIX.

6.2 ADSCRICIÓN E HORARIOS DO PROFESORADO

A adscrición do profesorado, os seus horarios e as quendas de vixilancia dos períodos de recreo están dispoñibles en XADE. Nembargantes esta aplicación non nos permite reflectir outro tipo de reunións como as de avaliación, formación ou as gardas de tarde que fai o profesorado por ter o centro xornada única xa que non teñen unha periodicidade fixa no horario semanal.

6.2.1 *Gardas de patio e transporte:*

Para a vixilancia dos espazos de lecer, no horario de recreo, o centro ten distribuídas as seguintes zonas:

- Espazo acoutado de xogo para Educación Infantil (tres mestres)
 - Zona de Educación Primaria (seis mestres)
- ➔ Cada día un grupo de polo menos 9 profesoras/es cobren esta vixilancia, repartida nas devanditas zonas.
- ➔ As quendas do profesorado son fixas de luns a mércores e rotatoria os xoves e venres.
- ➔ A mesma quenda é a encargada de vixiar a baixada dos autobuses e entrada no recinto escolar, de 9:15 a 9:30. Cos seguinte distribución:
- Dous mestres no portalón azul (chegada de buses)
 - Dous mestres no corredor da planta baixa (onde están as aulas de E.I.).
 - Catro mestres distribuídos polo patio de primaria
 - Un mestre na porta de acceso da planta baixa (por onde accede o alumnado de E.I. e o non transportado)
- ➔ No caso de choiva o tempo de recreo desenvolverase no patio cuberto para o alumnado de E.I. e nas propias aulas para o alumnado de E.P. No presente curso estase barallando a posibilidade de establecer quendas rotatorias para acudir por niveis/aula ao pabillón.

6.2.2 *Gardas:*

a) Gardas de mañá: o profesorado de garda realizará os días que lle corresponda en horario de 09:15 ás 09:30 a garda de vixilancia de entrada do alumnado.

b) En canto ás gardas de tarde, dous profesores/as encárganse diariamente desta función. O horario das gardas de tarde é de 16:00 ás 18:00 no edificio onde está situada a biblioteca.

6.2.3 *Horario do centro:*

A Comisión de Coordinación Pedagóxica elevou ao Claustro a proposta de horario para este curso, a cal foi aprobada por unanimidade e que pode consultarse na aplicación XADE xunto coas coordinacións e dinamizacións, as gardas para substitucións e as materias que imparte o profesorado. Cada profesor/a ten o seu horario de aula no que se contemplan as sesións lectivas para cada materia, segundo a normativa vixente. Isto non impide que poidan facerse algunhas modificacións por circunstancias puntuais, como pode ser a motivación nun centro de interese concreto ou para facilitar a inclusión dos contidos transversais ao longo do curso. Nestes casos, a flexibilidade que se contempla nos horarios permitiría tamén unha compensación das horas na materia ou materias intercambiadas. Obviamente, esta flexibilidade non pode aplicarse na mesma medida no caso das áreas impartidas polos especialistas, posto que os seus horarios foron establecidos tendo en conta que atenden a niveis diferentes. Os criterios que desde a Xefatura de Estudos se tiveron en conta para elaborar o horario xeral, foron os seguintes:

- Coincidencia na liberación horaria dos membros do Equipo Directivo para favorecer a súa coordinación.
- O horario de Educación Física de Educación Primaria estableceuse de xeito que cada grupo-titoría desenvolva unha sesión no ximnasio e outra no pavillón polideportivo. As sesións de psicomotricidade en todos os grupos de Educación Infantil serán impartidas polas mestras titoras, xa que o profesorado especialista en Educación Física non ten dispoñibilidade horaria para atender a estes grupos. Tamén foi un criterio fundamental non ter dúas sesións de educación física en días consecutivos para facilitar a recuperación, así como para dar tempo suficiente para o lavado do material deportivo.
- Á hora de elaborar os horarios das profesoras especialistas en Audición e Linguaxe (unha delas é a Xefa de Estudos e a outra está compartida co CEIP de Calo) tivemos que ter en conta a dispoñibilidade da aula de apoio, xa que comparten aula. Dadas as circunstancias tivemos que contar tamén cunha das aulas de Pedagogía Terapéutica para desenvolver algunhas das sesións.
- Reparto equitativo da liberación horaria (gardas, dinamizacións, coordinacións,...) do profesorado en horario lectivo. Neste sentido, e a efectos de posibles substitucións, estableceuse un sistema proporcional para cubrir aos/ás compañeiros/as que falten, no que se tiveron en conta as coordinacións de ciclo, equipo ou comisión que supoñen a redución dunha ou dúas sesións. Para iso calculáronse as sesións con dispoñibilidade horaria reais de todo o curso e as substitucións que vai cubrindo cada profesor compútanse proporcionalmente ao

seu total de horas.

En resumo: o profesorado, ademais das sesións de docencia, desenvolve sesións de garda, sesións de dinamización dos distintos equipos de coordinación docente, coordinacións,...

Ademais os martes pola tarde o profesorado ten disposto o horario de titoría para a atención ás familias e o de desenvolvemento de reunións das distintas comisións, Claustros, Consellos Escolares, etc.

Horario lectivo	
Ed. Infantil	De luns a venres: 09:20 a 14:20
Primaria	De luns a venres: 09:30 a 14:30

Distribución das sesións	
Garda de chegada	09:15 a 09:30
1ª	09:30 a 10:20
2ª	10:20 a 11:10
3ª	11:10 a 12:00
Recreo	12:00 a 12:30
4ª	12:30 a 13:20
5ª *	13:20 a 14:10
Hora de ler	14:10 a 14:30

* A 5ª hora, para a organización docente, inclúe a hora de ler. Isto quere dicir que o profesorado titor ou especialista ao que lle corresponda a mencionada sesión é o responsable de atender ao alumnado na hora de lectura.

Horario dos martes á tarde:

Horario	Actividade
16:00 a 17:00	Titorías coas familias
17:00 a 18:00	Reunións comisións
18:00 a 19:00	Reunións equipos docentes e/ou sesións formativas

Este ano o Concello de Teo estableceu como festa local o 9 de maio (festividade da Ascensión). Polo tanto o centro ten a posibilidade de solicitar outro día non lectivo, a proposta do Claustro de profesores é solicitar o día 10 de maio, despois de consensualo tamén cos demais centros educativos do Concello e á espera da aprobación do Consello

Escolar.

PUNTUALIZACIÓNS AO HORARIO DO PROFESORADO

O profesorado imparte docencia na súa titoría e/ou na súa especialidade. Para completar o horario de atención ao alumnado e como apoio ao equipo directivo contamos cunha profesora especialista en Audición e Linguaxe (apoio á Xefa de Estudos) compartida co CEIP de Calo e cunha profesora especialista en Lingua Estranxeira (Inglés) (apoio á Secretaria). Ademais como xa se indicou con anterioridade contamos tamén cunha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica a media xornada ó longo de todo o curso para desenvolver o programa Proa+ destinado ó alumnado do segundo e terceiro ciclo.

Con carácter xeral, os/as profesores/as titores/as desenvolverán as distintas actividades

complementarias e extraescolares co seu grupo de alumnos. Procurarase, entón, que as horas de participación en cada unha delas coincidan cando os alumnos/as non teñan clase con profesores especialistas. Estes, cando as circunstancias o requiran poderán facerse cargo dun grupo de alumnos ou colaborar en tarefas de organización, vixilancia e acompañamento do grupo de alumnos (por exemplo en saídas educativas).

6.3 REFORZOS EDUCATIVOS

Na aplicación XADE figuran as sesións asignadas ao profesorado con liberación horaria para realizar apoios e reforzos educativos.

6.4 O ALUMNADO

6.4.1. *Criterios de distribución:*

Os alumnos e alumnas de novo ingreso distribuíronse nos niveis correspondentes atendendo principalmente á orde alfabética ou a procedencia do centro anterior (no caso dos nenos/as que viñan de escolas do CRA de Teo ou outras escolas de Educación Infantil)

Tamén houbo unha redistribución dos alumnos e das alumnas en función das titorías que se estableceron para cada nivel, tendo en conta criterios organizativos e pedagóxicos que se estableceron na Comisión de Coordinación Pedagóxica e que o Claustro de Profesores estimou máis axeitados. Foron nos niveis de 1º, 3º e 5º de EP.

En canto aos alumnos e alumnas que presentan necesidade específica de apoio educativo, o profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe atende a todos os que teñan o correspondente informe psicopedagóxico, sen prexuízo de que ao longo do curso poida haber variación, tanto no número de alumnos/as coma na

modalidade do apoio. O apoio da especialista en Pedagogía Terapéutica que desenvolve o programa Proa+ realiza os apoios dentro da aula ordinaria e prioritariamente nas áreas instrumentais.

6.5 O PERSOAL NON DOCENTE

- CONSERXE
 - D. Ernesto Rey Salgado
- PERSOAL DE COCIÑA
 - Dna. Eva Pardo Ponte
 - Dna. Beatriz Ferro García
 - Dna. M^a Teresa Mareque Rubio
 - Dna. M^a Isabel Pérez salgueiros

• PERSOAL DE LIMPEZA

A limpeza corre a cargo de persoal contratado polo concello de Teo.

- COIDADOR
 - D. José Manuel Freire Vázquez.
- ADMINISTRATIVO
 - D. Enrique Cerviño Trillo
- AUXILIAR DE CONVERSA
 - Marianne Mendoza Manalo

6.6. OS ÓRGANOS DE GOBERNO

6.6.1 Os órganos unipersoais:

DIRECTOR	XEFA DE ESTUDOS	SECRETARIA
Rafael Vilar Seoane	Ana Isabel Costa Piñeiro	Janet Flores García

6.6.2 O Consello Escolar:

O Consello Escolar está constituído do seguinte xeito:

- Presidente: O director do centro.
- Xefa de estudos.
- Secretaria (con voz e sen voto).
- Representantes dos pais/nais:
 - Dna. Marta Picado Barreiro (representante da ANPA)

CEIPP da Ramallosa

- Dna. Amaya Gómez Becerra
- Dna. Lorena Gestal Reyes
- Dna. Paula Bolaño Pampín
- D. Felipe Boquete Vidal (Entra no presente curso)
- Representantes do profesorado:
 - D. José Pablo Campos Gulías
 - Dna. Paz Castillo González
 - Dna. María Isabel Fabeiro Pérez
 - Dna. Mónica Seoane Maseda
 - D. Manuel Valiño Ron
- Representante do Concello:
 - Dna. María Vázquez Rey

7. O PLAN DO CURSO 2023/24

7.1 OBXECTIVOS XERAIS

7.1.1. *En canto ao profesorado:*

1. Potenciar o valor do funcionamento en grupo para que a coordinación metodolóxica e didáctica entre Equipos de traballo e Niveis sexa unha norma de traballo pedagóxica no Centro.
2. Facilitar a formación e perfeccionamento profesional: ampliación de estudos, asistencia a actividades de formación do profesorado no propio centro...
3. Impulsar o desempeño da acción titorial sobre os alumnos e alumnas como unha parte fundamental do proceso educativo, así como o estudo dos medios para facela máis efectiva.
4. Manter informado ao profesorado das modificacións que afecten á Ordenación do Sistema Educativo.

7.1.2 *En canto ao alumnado:*

1. Fomentar a participación do alumnado e súa responsabilidade:
 - Coidado, limpeza, mantemento e utilización racional de todos os recursos relacionados co centro e con eles mesmos.
 - Na consecución dunha convivencia baseada no respecto mutuo, no desenvolvemento do Plan de Convivencia e no cumprimento das normas

establecidas nas NOF.

2. Potenciar hábitos de estudo e traballo, así como un achegamento á lectura como un medio recreativo e instrutivo.
3. Incrementar o coñecemento do/a alumno/a por parte do mestre/a titor/a, mediante a observación, enquisas, entrevistas,...
4. Manter canles de participación dos alumnos/as con outros estamentos da
5. Comunidade Escolar e con aspectos relacionados coa tarefa educativa: avaliación, reunións co Equipo Directivo, colaboración nas actividades da biblioteca escolar, coidado da contorna...
6. Manter informado ao alumnado, sobre todo o de 5º e 6º de primaria, de aspectos relacionados coa súa escolarización ao remate da etapa de Primaria.

7.1.3. *En canto ás familias:*

1. Fomentar o achegamento da escola á familia e viceversa mediante reunións periódicas para intercambiar información e tratar de coñecer mellor a cada alumno/a.

Polo que atinxe ás entrevistas individuais, que terán lugar os martes en horario de 16:00 a 17:00, o profesorado solicitará aos pais que estime oportuno e, cando sexan os pais os que desexan entrevistarse cos profesores farano a través dos seus/súas fillos/as de xeito que o profesorado teña coñecemento previo das visitas para recadar información doutros mestres que imparten clases no grupo e para evitar a coincidencia de moitos pais/nais no mesmo día.

2. Colaborar nas achegas solidarias da comunidade educativa no Banco de Alimentos do Concello e no Peto Solidario.
3. Colaborar, na medida en que sexa oportuno, coa ANPA naquelas actividades que esta propoña, así como nas relacionadas coa Federación de ANPAS Compostela as que o centro permitiría o uso das instalacións (acordo aprobado no Consello Escolar).

Xunta directiva actual da ANPA:

CARGO	NOME
Presidenta	Marta Picado Barreiro
Vicepresidenta	Amaya Gómez Becerra
Secretaria	Paula Bolaño Pampín
Tesoureira	Erica Seoane Barros

7.1.4. *En canto á contorna:*

1. Facilitar o intercambio de información entre o profesorado e outras entidades de apoio ao Centro: Concello, CAFI, Universidades... Participar e colaborar con iniciativas destas
2. institucións encamiñadas á mellora educativa e a investigación pedagóxica.
3. Observar as posibles carencias do ambiente familiar e social que os nenos viven a diario fóra da escola, e que poidan repercutir no seu rendemento académico e tratar de palialas mesmo coa axuda de organismos alleos ao centro: Servizos Sociais do Concello, ...
4. Establecer relacións e coordinacións con outros centros educativos do entorno: centros de educación infantil e primaria, C.R.A., IES, ASPANAES...
5. Mantemos o ofrecemento ao Concello para o uso das instalacións que nos soliciten.

7.1.5. *En canto á Administración e Recursos:*

1. Demandar da administración os medios, tanto materiais como humanos, que a Comunidade Educativa considere necesarios para desenvolver a tarefa educativa.
2. Colaborar coa administración educativa e/ou coa que esta estableza convenios no desenvolvemento de programas ou actuacións que nos propoñan e que nos resulten viables.
3. Seguir demandando da Consellería a relación de obras e equipamentos que se reflectían no punto 3.9 deste Plan.

7.2 **OBXECTIVOS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

A continuación recóllense as programacións xerais dos ciclos e das distintas comisións que se levarán a cabo ao longo do curso 2022-23.

7.2.1. *Equipos docentes:*

- **EDUCACIÓN INFANTIL**
 1. Favorecer a incorporación á escola dos nenos e nenas de novo ingreso, planificando o período de adaptación.
 2. Revisar a Programación Xeral do ciclo, elaborada en base á nova lei de educación e aos cambios legislativos que esta regula.
 3. Elaborar os ítems de avaliación trimestralmente no programa XADE.
 4. Detectar dificultades de aprendizaxe que poidan aparecer no noso alumnado no



- presente curso e intervir e traballar coordinadamente co profesorado implicado (ben sexa ou non do ciclo de E. Infantil) e co departamento de Orientación, para consensuar as medidas para solucionarlas.
5. Integrar ao alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo matriculado presente curso.
 6. Introducir ao noso alumnado nas competencias básicas a desenvolver e á acadar ao longo do ensino básico.
 7. Promover a animación á lectura desenvolvendo diversas actividades cara a ese fin: dramatizacións, representacións teatrais, préstamos da biblioteca de aula, elaboración de contos propios,...
 8. Achegar distintos tipos de textos de uso social á aula promovendo o seu uso segundo a tipoloxía textual.
 9. Utilizar a linguaxe plástica en calquera das súas manifestacións como medio de expresión para imaxinar, inventar, transformar e crear, co obxectivo de traballar a sensibilidade e a educación artística, facéndoos partícipes no proceso de intervención estética do colexio.
 10. Promover o uso das TICS, descubriendo as características e vantaxes dalgúns materiais multimedia.
 11. Favorecer a interacción entre as crianzas dos tres niveis do ciclo de infantil e incluso do ciclo de primaria, mediante a participación en diferentes experiencias, obradoiros, actividades,...
 12. Implicar ás familias na educación dos seus fillos e fillas, concienciándoas da importancia da súa colaboración nesta tarefa.
 13. Informar ás familias dos procesos de produción no traballo con proxectos e secuencias didácticas e compartir con elas as experiencias.
 14. Informar ás familias dos avances e dificultades na aprendizaxe dos seus fillos e fillas cada trimestre nos boletíns informativos e nas entrevistas individuais desenvolvidas ao longo do curso no día de atención a pais.
 15. Colaborar e participar en actividades e proxectos que se organicen no noso centro. (Dinamización Lingüística, Biblioteca, EACE).
 16. Propoñer situacións educativas que favorezan multitude de aprendizaxes e a execución da súa autonomía.
 17. Desenvolver as capacidades afectivas do noso alumnado, axudándoos a expresar



as súas emocións, favorecendo a súa autoestima.

18. Traballar as festas tradicionais galegas e celebracións do ano recollidas no calendario escolar
19. Fomentar o coidado e respecto pola natureza e o medio ambiente, a través de distintos tipos de actividades procedimentais e actitudinais.
20. Fomentar o traballo creativo no noso alumnado a partir das propostas de organización activa que permiten os obradoiros, actividades experimentais e manipulativas.
21. Coordinarse á hora de programar as actividades formuladas no apoio educativo, baixo a modalidade de obradoiros, considerando os obxectivos, contidos e metodoloxía que o currículo fixa nesta etapa, para conferirlle a mesma importancia educativa a todas as situacións de aprendizaxe.
22. Fixar os apoios educativos precisos, individuais ou grupais, segundo os criterios consensuados no Departamento de Orientación, tendo en conta ás necesidades existentes.
23. Atender ás necesidades de material demandas polas titorías, para favorecer un traballo de calidade coas crianzas.

• **1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

1. Revisar a relación de material funxible e non funxible a adquirir polo centro e polo ciclo.
2. Organizar actividades para a celebración das distintas conmemoracións.
3. Informar do que se está a realizar nas distintas Comisións e Equipos docentes.
4. Colaborar e participar nas actividades que se organicen a nivel de todo o centro, planificadas e coordinadas racionalmente.
5. Conseguir unha adaptación progresiva dos alumnos/as de Educación Infantil a Educación Primaria.
6. Estudar os criterios de avaliación e de promoción de nivel, considerando os casos de forma individualizada.
7. Fomentar os hábitos saudables e de coidado persoal.
8. Promover e fomentar a lectura, empregando actividades de animación.
9. Utilizar os recursos da biblioteca de centro a da aula de informática acompañando aos alumnos e alumnas nestas instalacións.
10. Fomentar o uso das novas tecnoloxías e dos novos medios dos que



dispoñamos.

11. Promover a actualización dos datos persoais dos alumnos/as e as súas casuísticas de interese para o Centro.
12. Participar no proxecto lector do Centro, promovendo actividades de animación á lectura.
13. Participar nos cursos de formación e na elaboración de documentos propostos polo centro.

• **2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

1. Fixar o nivel de adquisición e concreción competencial nas áreas de lingua e matemáticas para a promoción de ciclo.
2. Avaliar a consecución dos obxectivos ao remate de cada nivel e do ciclo.
3. Colaborar na planificación de actividades co equipo de actividades complementarias e normalización lingüística.
4. Participar nas actividades que se celebren no centro (Nadal, Día da Paz, Letras Galegas...).
5. Promover a interacción titor/a familias para a mellora da acción educativa.
6. Fomentar hábitos de hixiene, saúde e coidado corporal.
7. Promover a conservación, mantemento e limpeza do entorno próximo, concienciando ao alumnado do coidado e limpeza do patio e respectando as parcelas asignadas para as quendas de recreo.
8. Fomentar hábitos de estudo e planificación do traballo.
9. Fomentar hábitos de lectura potenciando a biblioteca de aula e empregando recursos da biblioteca xeral que facilitará material para ser traballado nas aulas.
10. Promover a atención de apoio a alumnos que o precisen especialmente por parte dos titores.
11. Propoñer e participar en actividades de formación do profesorado.
12. Promover a utilización das TIC para o desenvolvemento do currículo, a través do uso das tablets de SNAPPET e da AULA VIRTUAL.
13. Participar no Proxecto Lector do centro promovendo actividades de animación á lectura (cómic, prensa,...).
14. Proporcionar aos nenos/as unha educación que abrangue coñecementos e competencias clave necesarias na sociedade actual.

15. Lograr a participación de toda a comunidade educativa na vida do centro e o esforzo compartido de alumnado, familia, profesorado e sociedade no seu conxunto.
 16. Potenciar en coordinación coas familias a transmisión de valores que favorezan, entre outros aspectos, a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, o respecto, a tolerancia así como a igualdade de xénero.
 17. Promover a prevención dos conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
 18. Contemplar a diversidade dos alumnos/as como elemento enriquecedor da práctica educativa e concibir a resposta educativa a mesma, a partir do principio de inclusión.
- **3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**
 1. Revisión das Normas de Organización e Funcionamento (NOF) e participación activa do Plan de Convivencia.
 2. Participar no desenvolvemento das actividades que propoñan a Comisión de Coordinación Pedagóxica, Comisión de Actividades Complementarias e Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
 3. Revisión e actualización, se é o caso do Plan TIC e potenciar a utilización dos recursos informáticos: EDI, web do centro, aula de informática (Polos Creativos),...
 4. Fomentar o contacto cos pais e fixar criterios para as reunións globais e individuais (todos os martes). Coordinar a información de todo o profesorado que imparte clase nun grupo coa fin de transmitirla aos pais e nais.
 5. Potenciar actividades que desenvolvan no alumnado unha actitude responsable de cara ao traballo diario; respecto polo material, instalacións e ás persoas; convivencia e solución dialogada dos conflitos e limpeza. Dar a coñecer ás familias e ao alumnado o Plan de Convivencia do colexio.
 6. Colaborar na organización de actividades da Biblioteca do colexio e fomentar hábitos de lectura e escritura. Participar no desenvolvemento e no seguimento do Plan Lector.
 7. Analizar as necesidades de apoio nas diferentes aulas e planificar os reforzos educativos.
 8. Colaborar no deseño e desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.
 9. Establecer co profesorado de Audición e Linguaxe e de Pedagogía Terapéutica, a programación e o desenvolvemento das actividades e horarios para os

alumnos e alumnas con NEAE.

10. Propoñer os materiais curriculares e os recursos didácticos que se van utilizar e estudar as necesidades doutro material que poida ter o ciclo.
11. Programar visitas e/ou charlas de Orientación Académica para os alumnos de 6º e os seus pais, para informalos das características da etapa de E.S.O.
12. Participar en actividades que se oferten desde o concello.
13. Colaborar nas actividades de formación do centro.
14. Colaborar na elaboración de documentos de relevancia do centro: Proxecto Lingüístico, Plan de Convivencia, Proxecto Lector...
15. Manter o compromiso por parte dos docentes de continuar o traballo na plataforma E-DIXGAL.
16. Lembrar os protocolos de uso dos netbooks dos alumnos/as na casa.
17. Realizar xornadas de formación coas familias, a través de reunións grupais ou outras actividades de formación que poidan deseñarse.
18. Favorecer o desenvolvemento de proxectos e procesos que impliquen aprendizaxes e experiencias de aplicación práctica.

7.2.2. Equipos de coordinación Docente:

*** Tecnoloxías da Información e da Comunicación/ * O Equipo de Dinamización da Lingua Galega/ * Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares/ * Biblioteca Escolar. Plan Anual de Lectura**

*** O Equipo de Dinamización TIC:**

O Equipo de Dinamización TIC (EDTIC) continuará traballando co obxectivo de facilitar a correcta implantación das TIC na práctica educativa diaria.

Mantémonos dentro do proxecto E-dixgal.

As competencias e ámbitos de actuación do EDTIC serán os detallados no plan TIC poñendo unha especial atención en:

- 🕒 Ofrecer asesoramento técnico ao profesorado para unha correcta utilización e mantemento dos equipos informáticos das distintas dependencias.
- 🕒 Canalizar e regular as demandas e necesidades de adquisición de materiais tecnolóxicos que se recollan nas distintas comisións e/ou equipos docentes.
- 🕒 Asesorar e apoiar na busca e emprego de recursos TIC en todas as aulas.
- 🕒 Continuar a traballar para aumentar os recursos dixitais comúns.

- 🕒 Propoñer e participar nas iniciativas que se leven a cabo para a mellora da competencia TIC do profesorado.
- 🕒 Establecer os criterios e estratexias para o aproveitamento dos equipamentos Abalar por parte de alumnado que non pertence a esas aulas.

Continuamos a xeneralizar o emprego de aplicacións e sistemas operativos libres en todas as aulas, practicamente resolto na actualidade.

Continuaremos co desenvolvemento do traballo con contidos dixitais, a través de tabletas e ordenadores, para o que se empregarán os equipos abalar antigos con carros de carga feitos no propio centro.

Continuamos co mantemento da web escolar, mellorando a actualización do acceso á documentación oficial do Centro e outras funcionalidades e proxectos.

Ademais das aulas que participan no proxecto E-Dixgal, todas dispoñen de canón de vídeo, ordenador e de pantalla dixital interactiva.

Potenciaremos de novo actividades formativas no propio centro para todo o profesorado encamiñadas a mellorar as posibilidades de utilización de recursos didácticos para o alumnado e de ferramentas de traballo para o profesorado.

PROXECTO E-DIXGAL

Como xa queda recollido, o Ceip da Ramallosa participará de novo no proxecto E-dixgal. A implantación deste programa implica un cambio metodolóxico que progresivamente nos leve cara a estilos de aprendizaxe nas que predominen a busca e a investigación en espazos de traballo cooperativo.

A propia dinámica do proxecto E-dixgal demandou que se estableceran protocolos de actuación en cuestións concretas que afectan tanto aos equipamentos como ao tratamento dos recursos:

1. EQUIPAMENTOS.

A participación neste proxecto permite o acceso ao profesorado e alumnado a un Entorno Virtual de Aprendizaxe para, a través da rede, visualizar e/ou interactuar cos contidos que foron elaborados por dúas editoriais. Así mesmo este entorno de aprendizaxe vai permitir ao profesorado incluír novos contidos e xestionar a súa aula, xa que está montado con Moodle, unha ferramenta que non é allea ao profesorado deste centro.

Tal e como se recolle na documentación do proxecto E-dixgal, as familias que o desexen poden solicitar que os seus fillos e fillas leven para casa o ultraportátil de alumno/a que empregan na aula para poder acceder aos recursos dixitais

tanto se estes teñen conexión á rede como se non. Neste sentido desde o propio centro animouse aos pais a que fixeran uso deste dereito e establecéronse os protocolos axeitados:

- Solicitouse a cada familia que expresara o seu desexo de que o alumno ou alumna levara o ordenador para a casa, a firma dun documento proporcionado pola propia administración onde constan as condicións do préstamo e os datos relativos á identificación de cada un dos equipos.
- Explicóuselle a cada familia a responsabilidade que sobre o coidado e custodia dos equipos estaban adquirindo.
- Explicáronse as directrices sobre a carga á rede eléctrica dos equipos para garantir o seu uso durante as clases.

2. TRATAMENTO DOS RECURSOS.

A administración ofrece un catálogo de recursos que inclúe o material de varias editoriais, sen custo para as familias nin para o centro. Este material garante o normal desenvolvemento das clases, pero non limita nin impide o emprego doutros recursos que o profesorado considere axeitados. Neste sentido desde o propio centro favorecerase a cooperación e a comunicación entre o equipo de mestres encargados de desenvolver o proxecto para poder compartir recursos atopados ou elaborados que complementen ou substitúan, se é o caso, os proporcionados pola propia administración. Con tal fin creouse un espazo dentro o Entorno Virtual de Aprendizaxe onde cada mestre/a pode ir colocando os recursos que quere aportar ao resto do equipo porque os considere de significativos desde o punto de vista pedagóxico.

O cambio metodolóxico debe supor tamén un cambio no sistema de avaliación polo que nese mesmo espazo está habilitado un sistema que permite compartir as probas dixitais que elabora cada mestre/a para a súa área.

AULAS EDIXGAL

Como queira que o Proxecto Edixgal é a base do resto de proxectos cos que estamos a traballar, mantemos as normas e os protocolos de atención e coidado dos recursos materiais, independentemente da súa utilización no E-dixgal (5º de primaria) ou non (en 6º de primaria).

ORGANIZACIÓN DA AULA

- Etiquetado de equipos numerados do 1 ao 110 (aprox)
- Asignación de cada equipo a un/unha alumno/a .

SEGURIDADE DA AULA EDIXGAL

- ⌚ Chaves do carro de carga: cada mestre que imparta docencia nunha aula abalar debe ter unha chave da parte frontal do carro. A chave da parte posterior debe estar no caixón superior do carro para, en caso de interrupción da enerxía, poder reinicialo. En dirección haberá copia de cada chave de cada carro.
- ⌚ Portas das aulas pechadas nos recreos.
- ⌚ Cada titor/a ou especialista debe coñecer cal é o técnico que corresponde a cada aula no cadro eléctrico así como coñecer o mecanismo de restauración da enerxía en caso de corte na alimentación.

CARGA DOS ULTRAPORTÁTILES

- ⌚ No colexio só se poden cargar no carro de Carga Edixgal.
- ⌚ No carro de carga só se poden cargar os ultraportátiles.
- ⌚ Están programados para cargar a partir das 8 da tarde de luns a venres.
- ⌚ No caso de necesitalo pódese establecer un novo período de carga de maneira manual.

COIDADADO DO EDI.

- ⌚ **Olo: non utilizar rotuladores de Tinta, coidado especialmente onde o hai encerados brancos “veleda”.**
- ⌚ O canón debe estar apagado cando non se estea usando. O mando estará sempre no caixón superior do carro.

PORTÁTIL DO PROFESOR

- ⌚ O portátil do profesor é para uso na aula. O seu software está pechado, non se pode instalar nada nin modificar a súa configuración.
- ⌚ No caso de que algún mestre/a teña especial interese en usar un programa concreto que non estea no Portátil Abalar pode usar outro equipo, propio ou do centro, conectándoo á wifi do centro (“edu.xunta.gal”, non á wifi Abalar)

Directamente relacionado con este proxecto, pero aberto a todo ámbito TIC, ao longo deste curso o profesorado do centro participará en distintas actividades formativas no propio centro (ademais das que solicite con carácter individual) co obxectivo de seguir avanzando na competencia dixital profesional.

Profesorado que constitue a “Comisión EDITIC”:

A coordinadora Abalar do centro será a profesora María Jesús Llecha Galiñanes. e o resto da comisión estará formada polo seguinte profesorado:

- 🕒 Buján Mirás, Mercedes
- 🕒 Campos Gulías, José Pablo
- 🕒 Eiras Sánchez, José Juan.
- 🕒 Fernández Arias, Celso.
- 🕒 Fernández Valcárcel, Celso Manuel
- 🕒 García Díaz, Laura
- 🕒 Llecha Galiñanes, María Jesús.(Coord)
- 🕒 Nanín Castro J. Francisco
- 🕒 Flores García, Janet.
- 🕒 Vilar Seoane, Rafael.
- 🕒 Otero Liste, Mari Cruz
- 🕒 Viqueira Campos Montserrat
- 🕒 Antas Ramos Patricia María
- 🕒 Gómez Iglesias Isabel
- 🕒 Campos Gulías Pablo
- 🕒 Antas Ramos Patricia María

PLAN DIXITAL DE CENTRO

Coordinador: Rafael Vilar Seoane.

Ao longo do presente curso 23/24 levarase a cabo a implementación do PDC elaborado durante o curso 21/22. Nese documento, que se pode consultar na web corporativa, recollíase as tres liñas básicas de traballo que se centraban naqueles aspectos que acadaron menor puntuación no SELFIE realizado no primeiro trimestre do pasado curso: o traballo con robótica, o emprego da AV corporativa para a realización de traballos colaborativos avaliados con rúbricas e a participación de todo o alumnado no proxecto de radio escolar.

Para o correcto desenvolvemento deste proceso de implementación constituíuse un Equipo de Dinamización do Plan Dixital (EDPD) que será o encargado de avaliar o proceso coa periodicidade que se recolle no propio PDC. Este equipo está coordinado por Rafael Vilar Seoane.

Na mesma liña, e en coordinación co CAFI, solicítuse un PFPP no que participa a totalidade do profesorado do centro no que se tratarán temas relacionados cos obxectivos e accións que se deben realizar ao longo deste curso. Este PFPP terá unha duración de 20 horas e realizarase sen docencia externa.

Con posterioridade á aprobación do PDC en Consello Escolar, o centro solicitou, e foi admitido, no programa de innovación educativa Polos Creativos, creado pola orde do 21 de abril de 2022. Xa na redacción do proxecto presentado se deixaba ver con claridade a estreita relación que desde o propio centro se lle quería dar a ese programa co PDC xa que nel se recollían dous dos tres obxectivos propostos.

A participación neste programa supón a dotación de mobiliario e material dixital e precisa dun espazo estable e accesible que neste caso se decidiu que fora a antiga aula de informática para o que foi preciso acondionala.

O desenvolvemento deste programa estará tamén moi ligado á realización do PFPP e contará ademais cun horario que permita a titoría entre iguais nos primeiros momentos do seu desenvolvemento.

*** O Equipo de Dinamización da Lingua Galega:**

A) INTRODUCCIÓN:

O obxectivo principal do equipo de dinamización da lingua galega é a defensa, difusión e normalización do idioma galego no noso centro. Implicando nesta labor a todo o centro a través das diversas actividades previstas para acadar os obxectivos propostos. Entendendo por centro o colectivo formado polo alumnado, profesorado, persoal non docente, familias e todos os membros da Comunidade Educativa en xeral.

O desenvolvemento deste Plan non será un instrumento ríxido, xa que, na dinámica da súa aplicación, poderá ser revisado de acordo coa marcha do mesmo.

Analizando o emprego do galego entre os discentes (como lingua “materna” ou habitual), dicir que este é bastante parello ao do castelán. Isto débese en parte a conformación socio-cultural do concello, onde se mesturan os núcleos urbanos e urbanizacións con zonas puramente rurais. Curiosamente, resulta bastante sinxelo identificar ao alumnado atendendo a este criterio sociocultural. Por iso é importante incidir na autoestima e a actitude positiva cara o emprego cotiá da nosa lingua. Especialmente no alumnado destas características máis “urbanitas” (lingüísticamente falando), pero tamén entre os galegofalantes, pois soen mudar con facilidade a súa lingua materna, debido ao influxo socio político e histórico do castelán. Pois a pesares de que o tempo soe ir curando as feridas, segue a sentirse socialmente como lingua “máis fina ou de máis categoría”. Proba disto é que o caso contrario non é nada común (castelán falante que pase a

falar galego).

Tampouco podemos esquecer a aquel **alumnado** que, ben por proceder doutras zonas do estado ou por seren de **orixe estranxeira**, amose dificultades na comprensión da lingua e, polo tanto, no proceso educativo. Con este alumnado levarase a cabo unha atención máis individualizada, e de maior sensibilización coas dificultades que isto supón para el/ela. Todo isto, sempre co apoio do Departamento de Orientación, favorecendo así a adquisición dunha axeitada e motivadora competencia lingüística atendendo asemade a criterios pedagóxicos.

Destacar o gran apoio da dirección do centro e a colaboración de todo o profesorado, alumnado e persoal non docente na implicación e coordinación das tarefas de dinamización lingüística. Feito que se repite cos diferentes “equipos docentes de traballo”; Actividades Extraescolares, Biblioteca, TIC’s...

É de valorar tamén o apoio do noso concello. Especialmente en todas aquelas actividades dirixidas ao fomento da nosa lingua, sociedade e cultura que se ofertan no centro a través desta institución.

B) EQUIPO HUMANO. INTEGRANTES E ORGANIZACIÓN

B.1 PROFESORADO

O profesorado que constitúe o “Equipo de Dinamización da Lingua Galega” no centro durante este curso escolar 2023_24 é o seguinte:

Álvarez Garea, María del Carmen

Álvarez Garea, María Luisa

Costa Piñeiro, Ana Isabel

Fabeiro Pérez, María Isabel

García Díaz, Laura

Otero Liste, María Cruz

Salgado Couselo, Francisco Javier

Suárez Carbia, Óscar (Coordinador)

Valiño Ron, Manuel

B.2 REUNIÓNS DO EQUIPO:

Faranse todos os terceiros martes de cada mes na biblioteca do centro, de 17:00 a 18:00 horas.

C) OBXECTIVOS:

- Fomentar a concienciación de toda a comunidade educativa ante a riqueza que supón posuír unha cultura e lingua propia e a responsabilidade de mantela viva. Valorando o galego como lingua propia de Galicia tendo en conta a realidade diglósica do país, pero tamén a necesidade dunha discriminación positiva da nosa lingua.
- Potenciar o uso do galego dun xeito interdisciplinar.
- Fomentar e promover actitudes positivas cara á lingua galega, facendo uso dela con normalidade en todas as situacións de comunicación.
- Valorar a lingua como sinal de identidade colectivo e recoñecer as pautas que imponen a súa utilización social e a súa valoración identificando prexuízos sobre o seu uso.
- Potenciar a cultura, o coñecemento da historia, xeografía, etnografía, lingua, literatura, arte e folclore galegos no ensino.
- Potenciar o uso do galego como lingua de comunicación entre todos os sectores e utilizala en todos os documentos pedagóxicos e administrativos do centro.
- Respetar e valorar as achegas dos diferentes axentes da comunidade: familias, asociacións de maiores, colectivos de diminuídos, asociacións veciñais e culturais, Concello...
- Empregar a lingua galega en diferentes situacións comunicativas, mostrando interese por expresarse con claridade e usando un léxico axeitado á idade do comunicador.
- Fomentar entre o profesorado o uso de software na nosa lingua.
- Afirmar a lingua galega como propia de Galicia comprendendo as circunstancias que condicionan a súa evolución. Sempre dende o respecto a outros cidadáns que por diversas circunstancias falan a segunda lingua oficial da comunidade autónoma, pero potenciando o prestixio social e o amor pola nosa lingua.
- Desenvolver os hábitos e técnicas para que, a través da implicación afectiva, se chegue a un compromiso positivo coa nosa lingua e coa nosa cultura.
- Implicar aos distintos membros do centro no proxecto lingüístico.
- Fomentar o uso da lingua galega, tanto dende a perspectiva da escritura como no fomento da lectura.
- Insistir no aspecto da lingua galega como elemento singular, signo da nosa cultura e identidade.
- Sensibilizar ao profesorado e aos alumnos nos diferentes niveis de fala, facendo fincapé en que o mantemento dos mesmos enriquece e normaliza a mesma. Así mesmo as variantes dialectais de zona deben seren coñecidas e na lingua de relación respectadas e asentadas para neutralizar a sensibilización que dende tempos atrás hai coa identificación do galego zonal como único real. O choque entre lingua culta e lingua vulgar provoca que a balanza se incline cara un menosprezo á propia lingua zonal e ó idioma en xeral.

CEIPP da Ramallosa

- Promover a autoestima lingüística nas familias, para que se valoren como elemento fundamental na transmisión do idioma e na aprendizaxe dos nenos e nenas.
- Conseguir que desde o tratamento dado no centro escolar, por medio dos rapaces/as, a curto e longo prazo, o galego pase a ser a lingua “A” na situación diglósica.
- Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia da nosa comunidade, recoñecendo a existencia da diversidade lingüística como feito cultural e enriquecedor.
- Interesarse por coñecer a cultura literaria galega a través dos contos, tradicións, cantigas, adiviñas, refráns... Para identificarse coa forma de sentir dun pobo.
- Fomentar actitudes positivas cara a aprendizaxe e uso do galego, sobre todo oral.
- Potenciar o coñecemento biográfico e literario de autores ilustres galegos, a través da súa lectura.
- Recompilar materiais para elaborar e ou traballar con **unidades didácticas** sobre as celebracións tradicionais.
- Proporcionar información ao profesorado sobre a normativa que regula o uso da lingua, e os cambios das normas do galego.
- Recompilar material informático que axude ao profesorado a traballar en galego.
- Usar cos alumnos as TIC, promovendo a súa identificación co uso do galego.
- Fomentar o emprego do galego nas actividades extraescolares do centro.
- Aumentar os ámbitos do uso do galego no centro (no patio, na sala do café, nos claustros..).
- Implicar aos pais no uso do galego na casa cos seus fillos para que non se perda o uso da lingua, a nosa cultura e tradicións do pasado.
- Fomentar a interacción coa sociedade do contorno onde a presenza da lingua estea moi vixente (visitas, charlas, excursións..).
- Levar a cabo actividades e estratexias de acollida para o alumnado inmigrante onde estea presente a inmersión lingüística e cultural.
- Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades internas do centro que favorezan a normalización e dinamización .
- Buscar a colaboración dos pais/nais a través da ANPA, para aquelas actividades que se pretendan levar a cabo para o mellor coñecemento dos nosos costumes, cultura e un maior coñecemento da nosa lingua.
- Poñer en alza todos os obxectivos relativos aos dous Proxectos presentados polo centro no programa PROXECTA+, en concordancia cos obxectivos da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible (O.D.S.). Sen dúbida, serán dous dos eixes vertebrantes das actividades deste curso no centro.
- Traballar a prol da **convivencia** no centro, tamén terá o seu espazo, a través dun Proxecto específico en lingua Galega a través do cal dotaremos aos nenos/as de ferramentas

CEIPP da Ramallosa

“emocionais” para mellorar as relacións sociais cos seus alleos e traballar outros aspectos como o respecto, a tolerancia, a xestión da frustración, a didáctica do xogo (aprender a xogar), o fomento dos xogos tradicionais, etc.

A publicación e difusión de contidos a través da rede serviranos de ferramenta para dar a coñecer todas as actuacións e accións que se desenvolvan. Isto farase a través de diferentes medios: páxina web do centro, blogs, canles de youtube, redes sociais...

C.1 Dos dous proxectos destacados do centro, e encadrados dentro do PROXECTA+, destacamos os seguintes obxectivos:

C.1.1 ESCOLA VERDE: “ECOTEO, RAMALLOSEIR@S COA NATUREZA”

- Levar a cabo iniciativas de reciclaxe, coidado e limpeza da nosa contorna (colexio; río tella, carballeira...).
- Concienciar ao alumnado dos problemas que está a sufrir o noso planeta, e incentivar accións e actuacións que poidan axudar a frear ou previr futuros danos; problemas ambientais, malas accións do ser humano que repercuten negativamente no benestar do planeta, prevención de desastres medioambientais.
- Fomentar nos nosos fillos a aventura de plantar unha árbore ou planta, no seu medio. De coidala e vela medrar grazas aos nosos aloumiños.
- Participar en actividades relacionadas coa conservación e preservación do ecosistema do noso entorno, anticipando a deforestación e a contaminación ambiental.
- Analizar criticamente o medio social e natural, asumindo responsabilidades para a protección do medio ambiente, tanto individuais como colectivas.
- Sensibilizar sobre a frase; "Non fagas aos demais o que non che guste que che fagan a ti". Isto co obxectivo de ver que o noso contorno está rodeado de seres vivos que padecen a nosa falta de coidado. Debemos lembrar que cando falamos sobre o medio ambiente referímonos a aspectos da natureza como plantas, animais, solo, aire, auga... Así como aspectos do ser humano e a súa cultura: cidades, industrias, arte, ciencia, etc.
- Tratar de que os discentes sexan conscientes de que a preocupación polo medio ambiente significa ao fin, lograr mellores condicións de vida para o ser humano, respectando os procesos naturais e os compoñentes do medio.
- Levar todas estas sensibilidades ao entorno do propio centro (patio, instalacións,...)

Trátase, ao fin, dun ambicioso proxecto con carácter continuísta, pois conxugaremos todas as dinámicas e propostas artelladas no inicio do proxecto e que se viron afectadas debido á alerta sanitaria pola Covid-19. O confinamento e as posteriores restricións impediron o desenvolvemento das diferentes actividades ao non podermos darlles continuidade. A todas estas, xa iniciadas, sumaranse agora as novas propostas que xuntas representarán, ao noso parecer, un traballo do máis completo para cumprir cos obxectivos pretendidos.

C.1.2. PROXECT. DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS: “EcoParloTeo; Froitos da terra”.

- Potenciar o uso didáctico da nosa **Radio Escolar**, que será o noso altofalante á vez que a mellor ferramenta para que os discentes adquiran unha competencia lingüística e técnica do máis enriquecedora. Un proxecto ambicioso no que estamos a traballar dende mediados do curso pasado e que está tendo unha acollida excepcional entre o alumnado. De feito, un dos obxectivos para esta primeira avaliación será termos rematado o espazo coas obras do novo estudo de radio do centro. Un local insonorizado e dotado tecnicamente ao máximo nivel posible, co fin de mellorar a calidade dos nosos traballos co alumnado así como a súa aprendizaxe a nivel técnico e no manexo de diferentes software, programas...

- Traballar os **cantos e músicas tradicionais**. Serán outra ferramenta destacada no proxecto. Para isto empregárase unha páxina web creada polo mestre de Ed. Musical, na que o alumnado poderá ter acceso a un compendio de contidos educativos e culturais; video-tutoriais, información e colaboración cultural (Asoc. Culturais de música e baile tradicional da zona...), asesoramento online, colaboracións de familias e alumnado...

- Levar a cabo un estudo da **toponimia e a micro-toponimia** do noso concello. Este será outro dos pés do banco! Co obxecto de poñer en valor o noso patrimonio lingüístico cultural, evitando así que se perda este e facéndolle ver aos cativos a importancia do mesmo. Con esta proposta faremos tamén un banco de sons dos diferentes lugares para analizar como cambiaron os mesmos debido aos procesos de aumento/diminución da poboación, a influencia da construción de estradas, etc

- Fomentar a **igualdade e o vocabulario inclusivo** son e serán cruciais no desenvolvemento do proxecto. Cun tratamento global integrado en calquera das accións educativas.

- **Incentivar a creación musical** co alumnado. A través de cancións propias coa letra en galego, a modo de “himnos” ou cancións oficiais para empregar nas diferentes conmemoracións do centro. Iniciando tamén a través do proxecto “**Polos Creativos**”, un taller de **creación de música libre** de todos os estilos de forma dixital; con samplers, sintetizadores, etc. Música que por suposto, de levar letra, será en galego.

- **Continuar o traballo na dobraxe de debuxos animados en Lingua Galega**: Esta será outra das estratexias para poñer en valor a nosa lingua. Iniciamos esta liña de traballo a finais do curso pasado e queremos continuar!! Dobrando e adaptando as series de maior éxito entre a cativada.

- **Facer fincapé na exitosa actividade de Radio-Teatro iniciada o pasado curso**. Creación e gravación da serie “Destino escuro”. Crearemos co alumnado de sexto unha nova tempada da serie, e publicarámosa na nosa canle de oficial de podcast.

D) ACTIVIDADES

Seguindo a pauta dos anos pasados, **faremos un traballo “interdisciplinario” entre os diferentes equipos docentes** (EDNLG, EACE, Biblioteca,...). De maneira que o traballo conxunto

signifique unha maior coordinación e proveito para toda comunidade educativa das actividades propostas.

D.1 PROXECTO DIDÁCTICO ANTONIO FRAGUAS: “EcoParloTeo; Froitos da terra”.

(NOTA INFORMATIVA: TODOS OS APARTADOS TEÑEN **LIGAZÓNS** PARA O ACESO AOS CONTIDOS EXPOSTOS. POIS XA EMPEZAMOS A TRABALLAR MOITOS DELES DE CARA AO VINDEIRO ANO)

Como xa mencionamos, ao redor deste proxecto marco, xiran varios eixes vertebradores. Como as partes dunha árbore que unidas darán ao fin, o froito agardado, o proxecto marco; **“ECOPARLOTEO; FROITOS da TERRA!!”**

O resultado final será plasmado na exposición que levaremos a cabo no “Museo do Pobo Galego” no mes de Novembro, e que estará aberta ao público durante dous meses

D.1.1 MÚSICA E CULTURA GALEGA:

- [PROXECTO RECOLLIDA](#): Como o seu propio nome indica, é un proxecto de Recollida de cancións tradicionais dos nosos maiores; “Xoias dos nosos antergos”. A actividade consiste en que o alumando pregunte aos seus avós, bisavós, veciños/as,... Se coñecen algunha peza tradicional que cantaran cando eran mozos/as. O obxectivo final é facermos un **repositorio de cancións tradicionais antigas** do noso concello e irmos cantándoas e tocándoas na aula e no centro a través do alumnado que participa nos grupos de música tradicional formados polo alumnado do propio centro. Deste xeito pretendemos poñer o noso gran de area para que moitas desas pezas non se perdan e descubrir entre todos/as novas xoias da nosa música. Por outra banda, é un xeito de motivar aos discentes cara a importancia de mimar a nosa lingua, música e cultura en xeral dunha maneira innovadora. Pois eles son o futuro e nas súas mans está que non perdamos estes tesouros que son a nosa sinal de identidade como pobo.

- [CANTAMOS COPLAS EN GALEGO E TOCAMOS A PANDEIRETA](#): Este proxecto de percusión tradicional Galega, nace coa idea de darlle a presenza e relevancia que se merece á nosa música e cultura.

De xeito que os escolares do Ensino Público regrado, vivan de primeira man a riqueza instrumental que temos como pobo, e a felicidade que nos pode producir tocar un destes fermosos instrumentos . E sen perder de vista, a enorme importancia de seguir mimando e conservando as nosas tradicións de xeración en xeración.

Para isto, a parte do traballo nas clases presenciais semanais, contaremos coa axuda online dalgúns dos mellores músicos do noso país. Os vídeo-tutoriais de grandes como; Xavier Díaz, Vanesa Muela, Sergio López, a ETRAD de Vigo... E por suposto, tamén as achegas á causa do mestre de Ed. Musical do centro, promotor do proxecto

Este material didáctico, axuda ao alumnado a avanzar nas aprendizaxes e resolver todas as dúbidas que poidan xurdirles durante o "traballo individual" co instrumento/s na casa.

- COMPOSICIÓN DE CANCIÓNS: Espazo para a creación de cancións propias que crearán unha identidade propia ao centro e a comunidade educativa en xeral. Algunhas tamén a modo de “himnos” ou cancións oficiais para empregar nas diferentes conmemoracións do centro.

A última das nosas composicións estivo optando á mellor panxoliña en galego, no Concurso da TVG “Mellor canción do Nadal 2021”. Deixámosvos o enlace a este “[Algo han de traer](#)” e espazo de [composicións propias](#).

- PROXECTO “MÚSIC@S GALEG@S”: O fin desta actividade é coñecer un petisco do noso rico abano de artistas. Pois si, somos un terra das máis ricas neste senso. Pero tristemente, ás veces, absorbidos polas “súper producións” ou “produtos comerciais nacionais e internacionais”, non somos conscientes disto. Isto afecta especialmente as xeracións máis novas, pois son máis vulnerable neste senso. Con esta proposta descubrirán un novo mundo! Con músicas fermosas que tristemente non teñen a presenza que se merecen, nas canles de radio comerciais, programas de televisión, internet...

- FENÓMENO TANXUGUEIRIÑAS: Esta actividade xorde debido ao éxito recente das Tanxugueiras coa súa presentación á candidatura de Eurovisión 2022. O caso é que nos decatamos de que estaba a supoñer todo un fenómeno de masas entre os nenos/as. Especialmente no noso centro, polo feito de que dúas das integrantes da formación (as irmáns Olaia e Sabela), son do noso Concello. De feito empezaron a súa carreira nunha das asociacións de música tradicional coas que colaboramos dende o centro; “A Mámoa” (Luou-Teo). Todo xerminou coa proposta na aula de música, a principios da 2ª avaliación, de cantarmos e tocarmos coa pandeireta e o ukelele a canción TERRA. Pero o caso é que o fenómeno medrou e medrou como a espuma!! E como equipo de Dinamización da Lingua Galega, non podiamos deixar escapar esta onda. E así naceu este “Fenómeno Tanxugueiriñas”!!

- OS NOSOS LUTHIERS/ARTESÁNS SON CULTURA : Actividade na que os artesáns do noso Concello abren o seu mundo ao alumnado e as familias.

D.1.2 TOPONIMIA E MICRO-TOPONIMIA:

- “Proxecto TeoPonimia”: A toponimia e a micro-toponimia será outro dos pés do banco. Co obxecto de poñer en valor o noso patrimonio lingüístico cultural, evitando así que se perda este e facéndolle ver aos cativos a importancia do mesmo. Con esta proposta faremos tamén un banco de sons dos diferentes lugares para analizar como cambiaron os mesmos debido aos procesos de aumento/diminución da poboación, a influencia da construción de estradas, etc.

Boa parte dos topónimos menores só teñen vida na fala ou na memoria de persoas de idade, e con cada persoa que morre, ou que abandona a súa actividade no campo ou no mar, desaparece. Pero, grazas ao seu estudo, podemos coñecer mellor nosa lingua e a nosa historia.

A toponimia forma parte dos elementos culturais que a UNESCO denomina patrimonio inmaterial dos pobos.

Con este proxecto queremos poñer o noso gran de area para salvar dun posible esquecemento aos miles de nomes da nosa terra que se van perdendo co paso do tempo e as múltiples transformacións que vai experimentando a nosa contorna.

Pero sobre todo, facer que todos os nenos/as coñezan esta realidade que a eles lles queda tan preto, pero tan lonxe ao mesmo tempo. E que sexan conscientes da importancia deste legado.

D.1.3 TRADICIÓN ORAL: “Cóntame un conto” (APOI) + “21 días co galego é+”.

- “[PROXECTO CÓNTAME UN CONTO](#)”: Neste curso, todo o 2º ciclo de Ed. Primaria participará (por terceiro ano consecutivo) neste proxecto, no que actuamos dende o seu xerme como centro piloto. Pero a pesares de que serán estes niveis educativos os que faga o traballo de recollida, edición e publicación destes traballos, haberá contos orais e historias do máis impresionantes para todos os discentes do centro. Así como actividades relacionadas co proxecto, como por exemplo a visita dos conta contos “Celso Fernández Sanmartín” e “María da Pontragha”, que fixeron as delicias dos alumnos/as dos cursos de 4º de Ed. Infantil e 6º de Ed. Infantil.

A actividade está promovida polo “Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade do Museo do Pobo Galego” e a “Fundación Antonio Fraguas”. O obxectivo deste programa é fundamentalmente promover o coñecemento da literatura popular galega de transmisión oral, así como a recollida de contos tradicionais galegos contados polos nosos maiores. Máis información do proxecto [aquí](#)

Aceso ao repositorio de contos do APOI, (Museo do Pobo Galego):

<http://museodopobo.gal/es/p-gina-colecci-n-de-contos-videos-colexios>

“[21 DÍAS CO GALEGO E+](#)”: Empregaremos esta actividade, para remarcar a importancia de promover o uso da nosa lingua e o valor cultural e antropolóxico do noso idioma. Esta actividade é innovadora, no sentido de que foi iniciada no centro de maneira autónoma e fóra da actividade proposta pola Coordinadora dos EDLG de Galicia, por non poder ofertar de momento a actividade a CEIP’s. Exposta esta opción á nosa persoa de referencia dos equipos, e acollida de forma moi positiva, iniciamos cun carácter continuísta os nosos 21 días en lingua galega no centro. Actividade á que lle daremos continuidade o vindeiro ano.

D.1.4 A RADIO ESCOLAR (Radio Ramalloseir@s):

O tronco da árbore será a construción e asentamento da nosa [Radio Escolar: “Radio Ramalloseir@s”](#). Que a través das diversas actividades propostas, será o noso altofalante á vez que a mellor ferramenta para que os discentes adquiren unha competencia lingüística e técnica do máis enriquecedora. Dunha forma innovadora e interdisciplinar, onde conflúen a lingua escrita (a través dos guións) e a linguaxe oral. Onde os coñecementos e experiencias se adquiren e comparten a través da nosa [canle de podcast](#).

Un proxecto ambicioso no que estamos a traballar dende finais do curso pasado e que está tendo unha acollida excepcional entre o alumnado, as familias e o profesorado do centro. Cun

novo local insonorizado e dotado tecnicamente ao máximo nivel posible, co fin de mellorar a calidade dos nosos traballos co alumnado así como a súa aprendizaxe a nivel técnico e no manexo de diferentes software, plataformas de emisión, programas...

Para poder traballar a aprendizaxe da parte técnica do proceso de gravación e edición, empregaremos os vídeo-tutoriais. Engarzados na web do centro e na de Ramallosa Musical nun apartado específico para este fin. Así mesmo, tamén teremos un espazo para facer unha visita virtual á nosa radio. Estes dous apartado das web, están en proceso de construción, pois estamos a actualizar os contidos paulatinamente debido ás obras recentes.

Neste proxecto educativo é preciso destacar tamén a nosa participación nos proxectos “Radio Espora” e “Ponte nas Ondas” (Patrimonio Inmaterial da Humanidade). Despois de ser presentada na UNESCO polos embaixadores de Portugal e España, a candidatura de “Ponte nas ondas”, entrou na fase final avaliación por parte do organismo internacional. Nesta etapa o comité avaliador decide as propostas de inscrición das candidaturas de patrimonio inmaterial para ser proclamadas na XVII sesión do Comité da UNESCO que se celebrará no próximo mes de decembro.

O noso centro educativo formará parte polo tanto, da Lista Representativa do PCI (Patrimonio Cultural Inmaterial), o Rexistro das Boas Prácticas está conformado por experiencias que demostren a súa eficacia na preservación e a transmisión do patrimonio vivo. Estes métodos e enfoques deben entenderse como modelos e ensinanzas útiles adaptables a outras circunstancias, incluso en países en desenvolvemento.

- DOBRAXE EN GALEGO: “NÓS DOBRAMOS”: A adaptación de guións e dobraxe de debuxos animados en Lingua Galega é outra das nosas estratexias para poñer en valor a nosa lingua. Iniciamos esta liña de traballo a finais do curso pasado e queremos continuar!! Dobrando e adaptando as series de maior éxito entre a cativada. Só sentimos que as limitacións de copyright non nos permitisen darlle máis difusión a esta interesante e laboriosa actividade. Que agardamos poder empezar a facer tamén co alumnado como protagonista.

Deixámosvos unha mostra do noso capítulo de “A patrulla canina Salva a lingua Galega”.

- RADIO-TEATRO, “Destino escuro”: Creación e gravación da serie “Destino escuro”. Despois do éxito ineludible da primeira tempada da serie, acadando incluso premios a nivel internacional, como o 1º PREMIO – no Concurso Internacional de Radio Escolar SCHOOLS 21C (2021).

Premiados aquí

Seguiremos traballando na mesma dinámica, gravando co alumnado de sexto cada curso escolar unha nova tempada da serie e publicándoa na nosa canle de podcast. Neste sentido, cabe destacar a colaboración cunha implicación total no proxecto do actor galego “Xurxo Barcala”. Que

CEIPP da Ramallosa

logo de pasar polo centro como Alumno de Maxisterio en prácticas, e iniciar o Proxecto co seu titor e coordinador de EDLG do centro, continúa colaborando activamente co centro nesta fermosa actividade. Compartimos o acceso directo á [1ª temporada da serie!!](#)

D.1.5 TELE ESCOLAR:

“**Tele ramalloseir@s**”: O traballo na tele será unha continuación da radio, seguindo as mesmas dinámicas de traballo cos diferentes proxectos (toponimia, recollida de música tradicional,...). E servindo de escaparate para ensinar todos os nosos traballos e avances nos proxectos. Seguindo diferentes sistemas: informativos, programas culturais/documentais, entrevistas...

D.1.6 CONVIVENCIA NO CENTRO: Actividades e estratexias de convivencia no centro: Esta pata tamén terá o seu espazo, a través dun Plan Específico de Convivencia, a través do cal dotaremos aos nenos/as de ferramentas para mellorar as relacións sociais cos seus alleos e traballar outros aspectos como o respecto, a tolerancia, a xestión da frustración, a didáctica do xogo (aprender a xogar), o fomento dos xogos tradicionais, etc. Pero tamén de forma explícita, por posibles conflitos que ás veces derivando mal uso de certas redes sociais e internet.

D.1.7 CERTAMES – CONCURSOS: Por suposto, non faltaremos á participación en diferentes certames, programas ou actividades programadas ao longo do curso para a Dinamización da Lingua Galega; Concurso de Radio Escolar (Bibliotecas Escolares), Tíralle da lingua (ASP), Enreguéfate (concellos de Ames, Pontevedra, Rianxo, Santiago de Compostela e Teo),...

D.1.8 WEB-GRAFÍA DE ACTIVIDADES E RECURSOS XA CREADOS:

Resumo xeral dalgúns dos enlaces de especial interese relativos ás mencionadas actividades propostas:

-Proxecto de Música e Percusión Tradicional Galega; “Ramallosa Musical”

<https://www.ramallosamusical.com/>

-“RadioRamalloseir@s”

Canle de podcast: https://soundcloud.com/radio_ramalloseiros

Páxina Principal: <https://www.ramallosamusical.com/radioescolar>

Blogue Radio Escolar: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/>

[139](#)

-Radio-Teatro: Serie "Destino Escuro”

<https://soundcloud.com/oscar-suarez-carbia/sets/destino-escuro-1-season>

- Nós dobramos:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/155>

- Composicións propias:



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/154>

- Cántame un Conto:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/158>

- Proxecto Recollida:

<https://www.ramallosamusical.com/about-3>

- Proxecta+:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/153>

- Proxecto TeoPonimia:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/152>

- Fenómeno Tanxugueiriñas:

<https://www.ramallosamusical.com/fenomenotanxugueiriñas>

- Páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/>

Por suposto, todos estes contidos están nacendo e teñen un carácter continuísta, de cara a seguirmos traballando o vindeiro curso na consecución dos obxectivos propostos.

D.2 ESCOLA VERDE: ECOTEO

Entre os **eixes e propostas** de “EcoTeo” programaremos diferentes propostas. Todas elas relacionadas cos ODS (Obxectivos da Axenda 2030).

- Xestión dos refugallos:

- Reciclaxe/Concienciación/Clasificación...
- Xestión de residuos, puntos limpos, plantas de tratamento do lixo...
 - Problemática no Concello co vertedoiro de Toysal: Realización dalgunha charla informativa sobre o tema, participación dalgún alumnado nas actividades propostas polo concello para esta reivindicación.
- Problemática do Plástico:
 - Traballarase a temática a nivel titoría través de vídeos/documentais que colgaremos no servidor/Aula virtual do centro.
 - Proponse como posible actividade, a creación dunha escultura entre todos os discentes do centro, cos materiais de refugallo plásticos (tipo botella), reciclados durante os primeiros meses do curso. Por suposto, todo o material debe estar previamente lavado para evitar malos cheiros e proliferación de bacterias.

- **Ecosistemas:** Tratamento da problemática “especies autóctonas/invasoras”.

- **“EcoRamalloseir@s”:** *Levar a aplicación destes valores ao propio ámbito de actuación*

do centro a través de tarefas e actividades interdisciplinares no mesmo.

- **Mural/Rocódromo reivindicativo (vídeo Making Off):** Participarán todos os cursos pintando sobre un bocexo feito polos mestres (@s neno@s colorearían o mural). Sobre este mural, despois, estudarase a posibilidade de montar un rocódromo en sentido horizontal, a 50 cm do chan como máximo (se as condicións da parede o permiten).
- **Protexemos as nosas árbores.** Programación de diferentes actividades dirixidas a que as nosas árbores do patio “respiren”, a terra e poida acumular auga e nutrientes, etc. Co fin de que estas poidan ter un crecemento normalizado.
- **Plantamos as nosas árbores:** Aproveitando a día da árbore, seleccionaranse especies autóctonas para que cada nivel plante unha árbore. Posteriormente, a estas árbores, cada grupo terá que facerlle a protección coas botellas e o seu coidado.
- **“Brigadas”:** A proposta para as Brigadas de Limpeza/Supervisión será a seguinte:
 - Para involucrar a todo o alumnado (dende EI ata 6º de EP), realizaranse quendas de “recollida de lixo por aulas” e semanas. A semana que lle toque, esa aula deberá baixar (co titor) dous días (martes e venres, por exemplo) a facer unha recollida de lixo por todo o patio (fóra das horas de recreo e de ler). Entregaremos unha luva a cada neno/a e bolsas de lixo para a recollida. Sería importante cuantificar esa cantidade de residuos recollido, polo que está en estudo, a posibilidade de “pesar” esas bolsas que se recollen e levar un control para ver se, co paso do tempo o lixo vai a menos. (haberá que mercar unha báscula que nos permita realizalo de xeito cómodo)
 - As “Gardas Medioambientais” estarán formadas por nenos/as voluntarios/as de 4º, 5º e 6º de EP. A súa función será controlar os espazos onde se desenvolven os xogos durante o recreo e comprobar que están limpos. Se as zonas teñen lixos, pararán os xogos ata que quede todo recollido (realizarse unha reunión cos “Gardas” para explicarlles ben as súas funcións). Todo elo atendendo aos requisitos establecidos no protocolo COVID no tocante á coordinación e traballo dos diferentes niveis educativos.
- **EcoCativ@s:** Accións no patio de Educación Infantil.
 - Decoración do Muro que rodea o patio exterior con motivos plásticos levados a cabo polos propios discentes de Ed. Infantil baixo a supervisión da mestra de **Ed. Plástica** desta Etapa Educativa.
 - Plantación de hortalizas e outras plantas en xardineiras.
- **Publicación online das diferentes vías de traballo:** Publicaremos na web todo o

traballo realizado para confeccionar un repositorio de contidos e actividades educativas con todas as achegas.

Realización de posibles saídas coa temática do Proxecto: SOGAMA, SOTAVENTO, Limpeza do entorno do noso Río Tella (“Proxecto Ríos”),...

Dende a **Área de Ed. Musical**, propóñense tamén outras actividades nesta área relacionadas con este proxecto:

- **EcoRock:** Promover esta composición para o centro en galego, e e o seu video-clip oficial.
- **“EcoPercusión”:** Composición con utensilios cotiáns e restos de refugallo.

C) OUTRAS ACTIVIDADES HABITUAIS A DESTACAR:

- **“Conmemoracións” máis importantes para fixar a programación de actividades:**
 - Día das bibliotecas (24 Outubro)
 - Samaín-Magosto (28 Outubro – Magosto suxeito á climatoloxía da data)
 - Día Int. Violencia Xénero (25 Nov)
 - Nadal (21 Decembro/)
 - Día da Paz (30 Xan)
 - Día de Rosalía (23 Feb)
 - Entroido (1 Marzo)
 - Día da Árbore e a poesía (21 Marzo)
 - Día do Libro (23 Abril)
 - Letras Galegas (17 Maio)
- Celebraranse no centro actividades tendentes á recuperación das **festas e tradicións** citadas da nosa cultura e outras de carácter pedagóxico: Samaín, Magosto, Nadal, Día do libro, Día da Paz, Entroido, Maios, Día das Letras Galegas...
- **SAMAÍN E MAGOSTO (“SamaGosto”):**

Celebraremos as habituais festas do Magosto e o Samaín con diferentes actividades relacionadas con esta temática; Exposición de cabazas, o recuncho do terror, conxuro da bruxa Catuxa,...

Como sempre, comeremos as castañas que se encargará de facer o equipo de “Mestres Especialistas” do centro. Xogaremos, cantaremos e bailaremos nesta agardada e fermosa festa familiar do outono. Na que non faltará o canto do noso himno oficial desta festa; o “SamaGosto”.
- **CELEBRACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO:**

O día 23 de febreiro, coincidindo co seu aniversario, e seguindo as propostas da Asociación de

CEIPP da Ramallosa

Escritores/as en Lingua Galega, propoñeranse diferentes actividades co alumnado do centro para homenaxear á escritora.

- **O ENTROIDO:**

Celebrarase con toda a comunidade educativa, o habitual **Festival de Entroido** coa (temática por decidir) e habitual **decoración do pavillón para a ocasión**.

- **OS MAIOS:** Propoñerase un traballo cos nenos e nenas nas dúas vertentes da festa, tanto recollendo e creando coplas tradicionais para cantar, como na elaboración de Maios con flores, follas e arbustos da nosa contorna.
- As **LETRAS GALEGAS:** Esta celebración merece unha atención especial neste proxecto pola súa importancia, a implicación de toda a comunidade e as actividades programadas. Entre elas, destacamos as seguintes:
 - Traballarase sobre a vida e obra do autor homenaxeado este curso, empregando o material didáctico aportado pola Coordinadora dos **equipos de dinamización da lingua galega** da Consellería de Educación e por outros organismos (Concello, etc).
 - Proporase tamén, publicar unha **video-creación** e un **programa de radio** sobre a vida e obra do homenaxeado/a.
 - **Obradoiro de “Regueifa” en galego.** Actividade iniciada o curso pasado a través da materia de Ed. Musical, de cara a encamiñar aos discentes na dinámica da proposta (cantares a dúo ou trío a modo de regueifa e acompañados con bases musicais). Un dos obxectivos será engarzar tamén a temática dalgunha das regueifas coa conmemoración das **Letras Galegas**. Confiamos no positiva que poderá resultar a actividade para fomentar no alumnado a improvisación lírico-musical, a creatividade, o gusto pola música en galego, e o recoñecemento da nosa lingua e cultura dunha maneira transversal.
 - Volveremos a asistir á que será xa a V Edición da **“Regueifesta”**, que pon en valor a regueifa como eixo dinamizador no ámbito da innovación lingüística. Presentaremos ao **concurso** un videoclip cunha regueifa con temática relacionada cos nosos proxectos de centro
 - **Romaría de Xirimbao:** A tradicional Romaría do centro no Coto de Xirimbao, queda a expensas da evolución dos protocolos COVID. Se a situación nolo permitise, os cativos e cativas desfrutarán de innumerables actividades lúdico-culturais e musicais. Os **xogos tradicionais**, a **música e o baile tradicional galegos**, o paso en pequenos grupos da tan sonada **“Ponte colgante de Xirimbao”**, etc.

Tamén se celebraría o **“xantar popular”** co alumnado e as familias, ou se non é posible, só co alumnado. Esta festa supón unha excelente ocasión para fomentar as relacións entre os distintos membros da comunidade educativa. Todo isto, nun marco natural incomparable do noso Concello, como xa citamos anteriormente.

Esta actividade leva facéndose dende o curso 2006-2007, e o carácter familiar e integrador para coas familias e veciños que participan da mesma, fan desta xornada unha auténtico

luxo de festa e aprendizaxes significativos, que pretendemos siga tendo longa vida.

- Expoñeranse na entrada do colexio os habituais **murais sobre a vida e a obra do homenaxeado/a nestas Letras Galegas**.
- Recompilaranse e difundiranse a través da **páxina web** todas as actividades desenvolvidas no centro para potenciar o uso da lingua e a cultura propias como sinal de identidade.
- Poñeremos ao alumnado en contacto coa realidade do país mediante a realización de **visitas** de carácter didáctico e **charlas** con **escritores/as e personaxes significativos** da vida social galega (se os protocolos COVID o permiten).
- Participación, de ser posible, en todas as **actividades** promovidas polo noso **Concello, ANPA** e outras **Asociacións** da nosa contorna.
- Recompilación e recuperación de **xogos tradicionais** que se porán en práctica en distintas conmemoracións do centro. Especialmente nas “**Xornadas de xogos tradicionais no centro**” celebradas todos os anos durante o horario de recreo da semana previa ao festexo da nosa tradicional “**Romaría de Xirimbao**”, día no que estes xogos terán un gran protagonismo.
- **Exposición de fotografías**: montaxe de murais con fotografías de cada evento. Tamén de obras aportadas polas familias que ambienten os corredores do centro.
- Traballar con fins expositivos sobre **persoeiros** dos diferentes eidos da nosa cultura que dan e nome a todas as aulas do colexio.
- Estudo da **música e o baile tradicional galego** a través do coñecemento dos principais instrumentos e ritmos galegos e dos principais intérpretes de música tradicional, en colaboración coa área de educación musical.
- **25N, DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**: Aproveitando a implantación do **Proxecto Ukelele** na **Área de Ed. Musical**, cantaremos a nosa adaptación ao galego da canción “**La Puerta Violeta de Rozalén**”. Que xunto cun **manifesto** reivindicativo, serviranos para tratar a **importancia da loita contra violencia de xénero**.
- **NADAL**: Celebraremos o xa habitual **Festival de Zumba Galego**, no que facemos varias sesións organizadas por niveis educativos, e baixo a dirección dun/dunha profesional desta disciplina nas que **bailamos e nos botamos unhas risas todos xuntos**.
Ademais disto, tamén faremos, ao igual que o curso pasado, unha pequena celebración onde non faltarán as **panxoliñas e cantos de reis tradicionais cantadas e tocadas polo alumnado e profesorado**. Tamén elaboraremos os tradicionais **decorados de Nadal, as historias do apalpador...**
- **CONCURSOS-CERTAMES-PROGRAMAS**: Participaremos en diferentes concursos, programas ou actividades programadas ao longo do curso para a Dinamización da Lingua. Entre eles podemos citar os seguintes; **Concurso de Radio Escolar** (Bibliotecas Escolares), **Schools C21** (Innovación Educativa a través da Radio), **Participación na Rede Espora**, “**Certame Escolar da Fundación Granel** (Obradoiro de Ed. Arte na etapa de Ed. Infantil),

CEIPP da Ramallosa

Tíralle da lingua (ASP), “Cóntame un conto” (APOI, Museo do Pobo Galego), **21 días co Galego** (Equipos de Dinamización da Lingua Galega), **Enreguéifate** (concellos de Ames, Pontevedra, Rianxo, Santiago de Compostela e Teo), **“Imaxes do Patrimonio Galego-Portugués” (PNO)...**

Velaquí deixamos o engarce de acceso ao blog do “EDLG” da propia páxina web do centro:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/taxonomy/term/39>

*** Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:**

EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRA-ESCOLARES.

Nesta comisión de actividades complementarias e extraescolares intentaremos acadar o obxectivo principal consistente en participar na organización de actividades conmemorativas de datas sinaladas, ou de saídas culturais, ou de intercambio con outros centros.

Desta maneira, as actividades complementarias e extraescolares abarcarán tres campos de actuación:

- As conmemoracións establecidas polo calendario escolar do curso 2023-2024:
 - 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
 - 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
 - Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
 - 3 de decembro de 2023: Día Internacional das persoas con Discapacidade.
 - 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
 - 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.
 - 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
 - 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
 - 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
 - 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
 - Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
 - 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
 - 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
 - Entre o 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.

CEIPP da Ramallosa

- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.
- Actividades organizadas polo propio centro con carácter individualizado ou en colaboración con outros centros de características similares:
 - **Samaín:**
 - Do 25 ao 31 de outubro: exposicións de cabazas traídas da casa e ambientación dos corredores do colexio.
 - 31 de outubro: **Samagosto** (Samaín + Magosto) disfraces terroríficos e castañada.
 - **Nadal:**
 - Ambientación do centro.
 - Festa “charramangueira” con cotillón e chocolate con churros, o xoves 21 de decembro.
 - **Entroido:**
 - Ambientación do centro.
 - Mandados do meco ao longo da semana do 5 ao 8 de febreiro.
 - Gala de Entroido: venres 9 de febreiro.
 - **Convivencias deportivas** con outros centros do Concello. (Unha cada trimestre).
- Actividades organizadas polo Concello, impartidas no noso Centro ou no Centro Sociocultural da Ramallosa.

Todas as actividades que se propoñan no proxecto de centro “EcoTeo” e que están sen confirmar (aparecerán reflectidas na memoria de fin de curso do EACE)

Aínda sen confirmar a oferta de actividades do Concello de Teo.

Colaboración cos diferentes clubs deportivos do concello na promoción das súas actividades. Respondendo á solicitude de colaboración que nos achegan clubs deportivos da nosa contorna, facilitamos, nas horas de Educación Física a promoción desas actividades deportivas, para achegar aos nosos alumnos o funcionamento deses clubs. Colaboraremos entre outros, co Clube Compostela judo dos Tilos, co clube de baloncesto Galogrin e o Hockey Club

Raxoi, todos realizaran unha sesión co alumnado do centro para achegar o deporte aos nenos/as. Estamos abertas a todas as colaboracións que poidamos facer dentro das nosas posibilidades.

- Saídas culturais e recreativas: visitas a museos, empresas, organismos, etc; concertos didácticos; excursións.

Solicitamos diversas actividades que están pendentes de confirmar:

Actividades da Fundación ABANCA

Galicreques

Compostela cultura

(Asistiremos a aquelas actividades que nos concedan e aparecerán reflexadas na memoria de EACE).

O resto das saídas, concertos, visitas e excursións aínda están sen confirmar, pero cada ciclo fará unha visita polo menos por trimestre, sempre cun interese cultural, e unha excursión de fin de curso (visita ás Illas Cíes, Ons, Vilagarcía, O Grove, Cortegada... ou outras que se podan propoñer nos Equipos de Ciclo).

Outras actividades propostas por diferentes organismos, institucións, asociacións... Estas actividades estudaranse no momento que vaian xurdindo e, ao ser de carácter opcional, verase a conveniencia de levalas adiante ou non.

Profesorado que constitúe a “Comisión de Actividades Complementarias e Extraescolares”:

- Vanessa Magariños Paz (coordinadora)
- Berena Fontela Turnes
- José Juan Eiras Sánchez
- María Jesús Mateos Macías (Nuria María Romero Lago)
- Marta Iglesias Cardeso
- María Jesús Llecha Galiñanes
- María Paz Castillo González
- Pablo Campos Gulías
- María Pais Pazón
- Isaura Cacheda Cajaraville

*** Biblioteca Escolar. Plan Anual de Lectura:****INTRODUCCIÓN**

O Plan de lectura, que se propón a continuación para este curso 2023-24, responde ao recollido nas Instrucións da Dirección Xeral de centros e recursos humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de educación e ordenación universitaria. A educación actualmente debe proporcionar ás persoas os coñecementos pero sobre todo, estratexias necesarias para desenvolverse axeitadamente dentro da contorna social, así como garantir o desenvolvemento das competencias imprescindibles para manexarse dentro da sociedade do coñecemento. É necesario, formar futuros cidadáns que sexan capaces de transformar a información en coñecemento e aínda máis, de compartir ese coñecemento c@s outr@s.

A competencia lectora é o instrumento primordial neste reto. Por iso, dende o ensino, unha tarefa curricular fundamental é fomentar unha boa competencia lectora que debe abarcar a todos os ciclos e a todas as materias. Pois cada disciplina ten un vocabulario específico, tipos de texto distintos que levan formas de ler diferentes e, iso tamén contribúe a formar lectores competentes.

Neste sentido, dende a biblioteca temos unha importante labor en canto a dinamización de lecturas e do fomento de investigación en diferentes fontes de información, con todo o que implica de busca, selección de información, procesamento e transformación en coñecemento que xa van empezando a formar parte do currículo e de pequenas prácticas nas aulas do noso centro: investigacións e procura de información, traballos, pequenos proxectos, etc.

OBXECTIVOS E FUNDAMENTACIÓN

A **finalidade** do **plan anual de lectura** deste curso é:

- Integrar todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.
- Fomentar o hábito e o gusto pola lectura e contribuír a mellorar a práctica da lectoescritura.

Os **obxectivos** xerais do plan de lectura son os seguintes:

- * Lograr que a meirande parte d@s alumn@s descubran a lectura como un elemento de goce persoal.
- * Contribuír a que a biblioteca escolar sexa un centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.

CEIPP da Ramallosa

- * Integrar as fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- * Formar lectores e lectoras competentes coa intención de crearlles e/ou consolidarlles o hábito de lectura.
- * Desenvolver actitudes favorables cara á lectura mediante a creación de ambientes 44 lectores.
- * Impulsar a lectura literaria e non literaria na práctica diaria cun tempo mínimo de 20 minutos ao día.
- * Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos fondos pola CDU, as distintas seccións en que están distribuídos e as normas xerais de funcionamento.
- * Implicar ás familias no fomento do hábito lector.
- * Aproveitar o uso das TIC s no centro, de xeito que o alumnado saiba analizar a información que obteñen de xeito crítico.
- * Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, hipertextos,...), a selección crítica da información para a elaboración de proxectos de traballo e a construción autónoma do coñecemento.
- * O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.

ORGANIZACIÓN DE TEMPOS E ESPAZOS LECTORES

Na programación e no horario escolar temos marcado un tempo diario de lectura: a “**hora de ler**” que se leva a cabo, tal como así se recolle, durante 20 minutos de 14:10 a 14:30h.

LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS RELACIONADAS CO PAPEL DA BIBLIOTECA EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

As prioridades son:

- Comprobar que cada alumn@ e profesor/-a dispón dun número de biblioteca, para que poidan rexistrarse os movementos de fondos, como empréstitos e devolucións, que se fará ao longo do curso.
- Seguir coa compra e catalogación de novos fondos, en distintos formatos, atendendo ás demandas e preferencias do alumnado e profesorado tanto a nivel de literatura, como libros de consulta,...
- Actualizar o blogue e facer difusión das posibles actividades propostas e das xa realizadas.
- Repartir o traballo a realizar entre os membros do equipo de biblioteca para rentabilizar o traballo e os esforzos.
- Seguimos usando o programa KOHA.

EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN DOS RECURSOS

Tratando de facilitar todas as ocasións posibles para animar a ler, ou facer uso doutros fondos para integralos no traballo curricular diario, procurárase que en todos os cursos funcionen as bibliotecas de aula que se nutren con fondos da biblioteca de centro en réxime de préstamo, ou incluso con achegas do alumnado como implicación das familias no proceso educativo d@s seus/súas fill@s.

Levaranse a cabo proxectos ou actividades conxuntas a nivel de todo o centro ou ciclos, ou secuencias didácticas, que permitan traballar co alumnado busca e tratamento da información, selección e contraste da mesma en distintas fontes (internet, diferentes libros de consulta), o formato no que se recolle e como se da a coñecer aos demais (tipo de letra a empregar, estruturación da información, uso de ilustracións,...). A decisión de como difundir o traballo realizado tamén forma parte do tratamento informacional; que tipo de formato é o máis axeitado segundo a temática e o nivel competencial do alumnado, se facelo en formato libro, en forma de presentación power point ou programas similares, en exposicións orais,....

Esta forma de traballar fomenta no alumnado as habilidades, estratexias e, en consecuencia, competencias informacionais que contribúen á súa formación integral.

EN RELACIÓN CO FOMENTO E A CONSOLIDACIÓN DA LECTURA.

As propostas de actividades ou actuacións de fomento da lectura levan moi parello, o fomento da escritura, pois un alumno ou alumna que teña boa competencia lectora, consecuentemente terá boas habilidades para ser competente a nivel escrito.

Estas xeracións do século XXI van a necesitar ser lectores competentes en calquera tipo de soporte. Ademais dos máis habituais (libros, cadernos, dicionarios,...) deberán ser capaces de manexar unha páxina web, elaborar un hipertexto, uso axeitado de internet, chats, blogues, encerado dixital,...competencia que devolve á lectura a súa faceta primordial e á vez a enfronta a novos e importantes retos.

Por iso, o proceso de ensino–aprendizaxe da lectoescritura constrúese a través do traballo con diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos, científicos,..), mediante a asimilación de contidos conceptuais e coa realización de actividades, tanto de forma oral coma escrita.

O máis importante é que o alumnado lea polo pracer que lle provoca, pero ademais o profesorado pode e debe propoñer diversas actividades en torno a unha lectura que lle axuden a mellorar a competencia lectora en distintos textos.

A iniciación á aprendizaxe da lectura e da escritura realízase en Educación Infantil e vaise afianzando na Educación Primaria.

O obxectivo primordial é que @s nen@s gocen coa lectura, e ao mesmo tempo valoren a linguaxe escrita como medio de comunicación, expresión e información.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS QUE SE PROPOÑEN EN ED. INFANTIL.

- Presentación e lectura de diferentes contos e outro tipo de textos reais e imaxes.
- Gusto polos distintos textos orais: adiviñas, trabalinguas, refráns, poemas, cantigas,.. e desenvolvemento da súa capacidade de memorización.
- Dramatización dunha historia ou dunha obra de teatro sinxela (texto dialogado), incluso empregando monicreques e mesmo apoiándose con CD de música.
- Narración dunha historia a partir de imaxes (imaxinación) e iniciación no uso de conectores (palabras para a unión de frases).
- Discriminación da estrutura de diferentes textos: poético, narrativo, informativo, prescriptivo...
- Produción de textos diferentes, elaborados pol@s nen@s, atendendo á estrutura e funcionalidade do tipo de texto (invención de contos, elaboración dun libro de receitas, redacción de novas para o xornal do concello,...), despois dun traballo previo con dito texto e cunha finalidade.
- Iniciación na linguaxe escrita dun xeito contextualizado e respectando a etapa evolutiva na que se atopa cada alumn@.
- Ampliación e uso de novo vocabulario que se vai descubrindo coa temática que se está traballando ou con textos que se len.
- Fomento do gusto pola lectura e respecto polos contos.
- Coñecemento das seccións da biblioteca e das normas de funcionamento.
- Sendo o conto un dos textos literarios básicos nesta etapa, propóñense algunhas actividades a traballar a partir de contos:
 - Identificación das personaxes principais e secundarias, e análise de como son presentados pol@ ilustrador/a (descrición)
 - Xogo de asociación: texto e ilustración e análise destas como parte da historia.
 - Xogo de asociación de título – portada, e invención de novos títulos.
 - Identificación cualitativa e cuantitativa das palabras que compoñen os títulos, nomes de personaxes,...
 - Análise das partes dun conto: portada (autor e ilustrador, título e editorial), contraportada (código de barras), lombo, tellolo (se ten rexistro da biblioteca) e da súa estrutura (inicio, no, desenlace).
 - Coñecemento de fórmulas de inicio (“érase unha vez...” “hai moitos anos ...”) e de final dos contos (“... colorín colorado este conto está rematado”).

CEIPP da Ramallosa

- Invención de inicios ou finais de contos, empregando unha técnica de Gianni Rodari “que pasaría si...”, o que provoca que aparezan personaxes novas.
- Confección de móbiles con personaxes do conto lido para pendurar no recuncho da biblioteca.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓNS QUE SE PROPOÑEN EN EDUCACIÓN PRIMARIA.

De xeito xeral:

- Partir do nivel de desenvolvemento lector que cada alumno/a posúe.
- Ter en conta os intereses do alumnado en cada nivel, propoñendo historias que contan a vida de nen@s, de fantasía, medo, aventuras, humor,...
- Valoración da resposta positiva do alumnado e emprego dos erros para mellorar.
- Primar o sentido e comprensión da lectura sobre a velocidade.
- Incentivación da elección libre de lecturas e seguimento persoal.
- Uso de distintos tipos de xénero de textos e tanto impresos como en formatos dixitais.
- Selección de textos adaptados para os distintos ciclos.
- Lectura pol@ mestre/-a, servindo de modelo, facendo uso de matices adecuados na entoación, de expresións, e cambios de voz e silencios que transmiten emoción ao texto lido, engaden riqueza e aumentan a expectación.
- Análise das partes dun libro: portada (autor e ilustrador, título e editorial), contraportada (código de barras), lombo, tellolo (se ten rexistro da biblioteca).
- Discriminación da estrutura de diferentes textos: poético, narrativo, informativo, prescriptivo,...
- Producción de textos por parte do alumnado atendendo á estrutura e á funcionalidade dos mesmos (contos, libro de receitas, redacción de novas para o xornal do concello, ...)
- Iniciación na escrita dun xeito contextualizado e respectando a etapa evolutiva na que se atopa cada alumn@, e empregando os borradores con propósito de enriquecemento e mellora.
- Ampliación e uso de novo vocabulario que se vai descubrindo coa temática que se está traballando ou con textos que se len.
- Comprensión e memorización de textos orais: refráns, poemas, trabalinguas, adiviñas.
- Narración dunha historia a partir de imaxes (imaxinación) e iniciación no uso de conectores (palabras para a unión de frases) que enriquecen os textos narrativos.
- Coñecemento e respecto das normas de funcionamento da biblioteca de aula, que acorden na titoría.

CEIPP da Ramallosa

- De xeito máis concreto, ante a lectura dun texto, pódense incentivar algunhas estratexias lectoras que axuden a clarificar e a comprender o que lemos:

Actividades previas á lectura:

- Preguntarse: para que lemos?
- Activar os coñecementos previos.
- Facer predicións sobre o texto, formulando preguntas ao alumnado, a partir do título ou das ilustracións da portada (sobre que versará, que tipo de texto será,...)

Actividades durante a lectura – autoreflexións:

- Lectura en voz alta ou silenciosa, individual ou compartida, realizada pol@ profesor/- a ou pol@s alumn@s.
- Formular hipóteses e facer predicións a partir do que se vai lendo.
- Suscitarse preguntas sobre o lido e aclarar dúbidas para que se poida comprender.
- Buscar significado de palabras a partir do contexto.

Actividades despois da lectura:

- Resumir as ideas que se extraen do texto e facer unha análise: tema principal, protagonistas principais e secundarios, os acontecementos, que pasou e como se solucionou,...
- Identificar as partes da historia: inicio - nó – desenlace.
- Outras accións con motivo da lectura: debuxos, dramatizacións, murais, portafolios, opinións, debates, invención dunha nova historia cambiando algún protagonista ou sucesos, cambiando o final empregando a técnica de Gianni Rodari "que pasaría si...", etc.
- Facer listados de tipos de palabras: adxectivos, verbos, ... e do novo vocabulario e clasificacións por campos semánticos,...
- Valoración crítica das lecturas: gustoume ou non e por que, si o recomendarías ou non e por qué,...

EN RELACIÓN CON PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

O noso colexio é un centro e-dixgal, con plataforma abalar en 5º e 6º de educación primaria, polo tanto, fan un manexo e busca constante de información en formato dixital, sen embargo, consideramos moi positivo que manexen libros tamén en formato papel. Neste sentido, para a hora de ler empregan textos en formato papel e tamén na elaboración dos proxectos que levan a cabo, empregan fondos da biblioteca nouro formato.

Outro programa no que está inmerso o centro, son as seccións bilingües en 1º e 2º de primaria, impartindo a materia de plástica. Outros proxectos cos que participamos activamente desde a biblioteca: Escola Verde, Polos Creativos, PROA .

ACTIVIDADES PROGRAMADAS

Actividades rutinarias / sistemáticas:

- Hora de ler. Preténdese que sexa un momento pracenteiro para o alumnado e tamén para o profesorado que igualmente debe ler nese tempo (dando exemplo), e pode facerse lectura de calquera tipo de texto. Segundo considere o profesorado pode combinar lectura libre e individual con lectura compartida/colectiva por todo o grupo e, segundo considere, con algunha actividade posterior arredor da lectura.

Para o momento da hora de ler o alumnado pode coller en préstamo algún fondo da biblioteca de aula (procedente da biblioteca do centro) ou traer da casa o seu libro para ler e logo intercambialo tras pasar o tempo de corentena estipulado.

Ao longo do curso tamén mercan libros en galego e/ou en castelán, en cada clase, para facer lectura en voz alta turnándose para que tod@s participen e finalmente, se é posible, recibir a visita/encontro d@ autor/-a ou ilustrador/-a para responder ás súas preguntas e firmarlles os libros.

- Préstamo de contos.

O alumnado de infantil, a partir de outubro, cada venres leva un conto en réxime de préstamo para que alguén da familia (nai, pai, avós, irmáns,..) llo lea e gocen dun momento de lectura xunt@s ademais de ir incentivando n@s nen@s o gusto pola lectura e o descubrimento de diversas historias, o respecto e coidado polos libros,... Dado o volume de alumnado que hai no centro no ciclo de infantil, non habería libros suficientes para prestar a todo o alumnado cada venres, polo que cada nen@ aporta un conto que se vai intercambiando cada venres entre @s compañeir@s da aula e se lle devolve ao remate do curso.

O alumnado de primaria realiza o préstamo de fondos da biblioteca do centro, xestionado por cada titor/-a, o cal dispón dunha hora semanal no seu horario para poder realizar esta e outras actividades na biblioteca.

Actividades puntuais relacionadas con diversas conmemoracións:

Ofrecer fondos relacionados con distintas temáticas: medo, paz, valores,...

Actividades relacionadas coa violencia de xénero, coa Paz, co día de Rosalía de Castro, co día da poesía e do libro,..

Encontros cos autores dos libros traballados nos niveis de primaria.

- Conmemoracións:

Día da biblioteca: Fanse actividades relacionadas coa formación de usuarios.

Día do libro: o agasallo - préstamo: cada alumn@ deberá traer envolto, como se fose un agasallo, un conto persoal que, entregará a un compañeiro ou compañeira que lle toque

CEIPP da Ramallosa

ao chou, e será devolto cando se remate de ler; deste xeito, todos regalan e reciben un agasallo literario.

Apadriñamento lector, onde os maiores len aos mais pequenos do cole, que se realizará ou non segundo a situación da sanitaria do momento.

Día das Letras Galegas: actividades entorno ao homenaxeado deste ano, dos seus libros, que incentiven o uso do idioma galego.

As actividades que se realicen para conmemorar as distintas celebracións expóñanse acorde co que se está a traballar nesas datas, polo que será na memoria onde se poida reflectir que e como se levaron a cabo as posibles actividades realizadas.

Día da poesía, día do libro, día da non violencia e da paz, semana da prensa, día internacional contra a violencia de xénero, día de Rosalía de Castro, Samaín.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Neste curso, forman a equipa de biblioteca:

Isabel Turnes García (coordinadora)

Mónica Seoane Maseda

Carmen Midón López

Mercedes Buján Mirás

Celso Fernández Arias

Sabela Tojo Bascoy

Celso Manuel Fernández Valcarcel

Alba Botana Iglesias.

Patricia María Antas Ramos

A coordinadora ten asignado no seu horario un par de horas de atención á biblioteca, aínda que se prioriza a atención ao alumnado segundo se necesiten mestres de garda. Igualmente acontece c@s demais compoñentes da comisión, que teñen algunha sesión de dedicación ás tarefas de biblioteca.

Por outro lado, na hora do recreo tamén facemos garda na biblioteca e zona de xogos de mesa.

Tamén contamos con alumnado voluntario de 5º e 6º, para axudar no tempo do recreo, nas tarefas de biblioteca.

Recursos materiais e espazos:

Taballando co programa KOHA.

Na web do colexio pódese atopar información xeral do centro e blogues de distintos docentes e comisións entre os que se atopa o blogue da biblioteca.

Dirección do centro: www.edu.xunta.gal/centros/ceipramallosa/

Correo da biblioteca: biblioteca.ceip.ramallosa@edu.xunta.gal

A biblioteca dispón do espazo adicado a fondos e da entrada do edificio que está adicado a xogos de mesa no tempo do recreo.

7.3 PROGRAMAS DE INNOVACIÓN E DE FORMACIÓN

No curso 2022-23 o centro participará, de novo, nos proxectos seguintes:

- Edixgal: Décimo ano consecutivo de participación no proxecto Edixgal que posibilita un traballo diferente ao non depender de libros de texto, o que supón unha liberación económica para as familias e un proceso moito máis innovador e aberto ás metodoloxías propias do século XXI.
- Iniciación á robótica: Sexto ano de participación neste proxecto. Como xa queda anticipado neste documento, desenvolverase nos cursos de quinto e sexto de E.P. de xeito transversal, fundamentalmente en matemáticas e lingua estranxeira e plástica.
- Traballo con contidos dixitais “Snappet”. Nos niveis de 3º e 4º de primaria traballaremos nas áreas de matemáticas, lingua castelá e lingua galega, a través de propostas dixitais dentro do proxecto Snappet. O alumnado traballa con dispositivos electrónicos, tabletas ou ordenadores indiferentemente.
- Arte na Ed. Infantil: proxecto de traballo na educación infantil consistente en traballar o arte dende un enfoque sistemático e aberto. Ao longo do curso o profesorado desta etapa desenvolve actividades prácticas na aula de arte que ao final de curso son compartidas nunha gran exposición coas familias. Ademais participamos sempre en convocatorias da Fundación Granel para a estimulación da sensibilidade cara ás manifestacións artísticas das nenas e nenos do noso centro.
- Plan Recupera – T:
 - Programa Proa+: Para levar a cabo este programa contaremos cun/cunha docente especialista en Pedagogía Terapéutica durante todo o curso a media xornada. O apoio será dentro da aula ordinaria e prioritariamente levarase a cabo nas áreas instrumentais centrándose fundamentalmente naquel alumnado que presente maiores dificultades de aprendizaxe.
- Plan Proxecta +: O Plan Proxecta+ é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial pero que ademais estean comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento

sostible da Axenda 2030. Neste curso escolar ofrécense 42 programas educativos, e dende o noso centro participamos en dous deles; “Escola Verde” e “Normalización e dinamización lingüística”.

7.4. CALENDARIO DE REUNIÓNS

As reunións que teñen carácter fixo desenvolveranse en horario de 17:00 a 19:00, segundo a seguinte distribución:

- O primeiro martes de cada mes reuniranse os Equipos de Ciclo.
- O segundo martes de cada mes reúnese o Equipo TIC.
- O terceiro martes de cada mes para as reunións do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca
- O cuarto/quinto martes, para reunirse o Departamento de Orientación e/ou a Comisión Coordinación Pedagóxica.

Cando sexa necesario tratar pequenos aspectos puntuais buscaríamos a maneira de que puideran reunirse durante o período de recreo os membros dalgún equipo ou comisión.

Tamén todos os martes, como queda recollido no apartado do horario, dedicárase unha hora, de 16:00 a 17:00, ás entrevistas individuais cos pais dos alumnos e alumnas.

As reunións de Claustro, Consello Escolar ou outras, que por razóns organizativas ou de carácter ineludible teñan que levarse a cabo, serán presenciais convocadas oportunamente e terán lugar en horario de 18:00 en diante; estas levaranse a cabo no Salón de Actos.

Para cada unha das sesións de avaliación estableceranse as reunións necesarias de maneira que non coincidan con ningunha das reunións de carácter fixo. Previamente a cada unha das tres avaliacións estableceranse os grupos que se van avaliar cada día e despois sortearanse as quendas, agás para o terceiro ciclo de educación primaria que quedará sempre para a última sesión de avaliación.

- **CONSELLO ESCOLAR**

As reunións ordinarias do Consello Escolar está previsto que se desenvolvan en novembro (no presente curso e, excepcionalmente debido ás eleccións do Cosello Escolar, realizarase na primeira semana de decembro), xaneiro, abril e xuño. As reunións extraordinarias serán convocadas sempre que se considere preciso.

- **CLAUSTRO**

Ademais das que xa tiveron lugar para a organización do principio do curso, as reunións ordinarias do Claustro de Profesores serán aproximadamente en outubro, xaneiro, abril e xuño. As reunións extraordinarias serán convocadas sempre que se considere preciso.

- **OUTROS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.**

As reunións realizaranse coa periodicidade establecida na normativa vixente, facendo ademais reunións extraordinarias sempre que se considere necesario.

Mantemos a estratexia de funcionamento de cursos anteriores que ten como finalidade permitir a todo o profesorado realizar achegas e suxestións sobre os contidos relacionados coa actividade académica diaria a través dos representantes en cada grupo de traballo e ter información puntual dos acordos tomados e ao mesmo tempo tratar de evitar a duplicidade de reunións. Para isto, calquera iniciativa que xurda a nivel individual ou de grupo porase en coñecemento do representante correspondente na comisión ou equipo onde deba ser tratado. Trala reunión correspondente comunicarase o acordo a través do mesmo representante. Se esta decisión afectase a todo o Centro, informaríase mediante escrito ou en reunión de grupo.

No caso de actuacións previamente programadas, como poden ser as conmemoracións e días especiais marcados no calendario escolar, o/a mestre/a coordinador/a ou xefe de equipo recordaralle aos coordinadores de Ciclo que se trate o tema na reunión correspondente e as súas achegas serán levadas oportunamente polo representante á reunión que se convoque ao efecto. Os acordos adoptados comunicaranse da maneira indicada anteriormente.

7.5. A AVALIACIÓN

7.5.1. *A avaliación dos alumnos/as:*

A avaliación dos alumnos e das alumnas terá carácter formativo e estará integrada no proceso educativo dun xeito sistemático. As actividades de avaliación estarán orientadas a detectar os progresos realizados polos alumnos e alumnas en todos os ámbitos do seu desenvolvemento.

Todo o proceso de avaliación levarase a cabo atendendo aos criterios que se contemplan nas correspondentes programacións.

Nas reunións de avaliación por cada nivel, estarán presentes os/as titores/as dos

CEIPP da Ramallosa

grupos correspondentes e o resto do profesorado que imparte docencia directa neses grupos, así como a Xefa do Departamento de Orientación e a Xefa de Estudos. O titor ou titora levantará acta da sesión correspondente á súa titoría. As sesións de avaliación desenvolveranse entre as seguintes datas:

- Avaliación Inicial – do 3 ao 10 de outubro.
 - ➔ 3/10/23 – Educación Infantil e 1º Ciclo
 - ➔ 10/10/23 – 2º e 3º Ciclo
- 1ª Avaliación - Do 12 ao 19 de decembro.
 - 12/12/23 – Educación Infantil
 - 13/12/23 – 1º Ciclo
 - 18/12/23 – 2º Ciclo
 - 19/12/23 – 3º Ciclo
- 2ª Avaliación - Do 12 ao 20 de marzo.
 - 12/03/24 – Educación Infantil
 - 13/03/24 – 1º Ciclo
 - 19/03/24 – 2º Ciclo
 - 20/03/24 – 3º Ciclo
- 3ª Avaliación - Do 24 ao 25 de xuño.
 - 24/06/23 – Educación Infantil e 1º Ciclo
 - 25/06/23 – 2º e 3º Ciclo

Posteriormente, a Comisión de Coordinación Pedagóxica e o Departamento de Orientación farán unha análise dos resultados e proporán as medidas de actuacións pedagóxicas que estimen máis convenientes: Reforzos educativos, apoios específicos, apoios en aula...

O boletín cos resultados académicos farase chegar ás familias antes do Nadal, da Semana Santa e ao finalizar o curso escolar.

7.5.2. *A avaliación do Plan Xeral Anual:*

Todo o exposto neste Plan non pretende ser máis que unha guía que oriente o labor da Comunidade Educativa durante este curso pero non implica que necesariamente teña que levarse a cabo porque poden variar as circunstancias e obrigar a facer modificacións. Polo tanto non é algo pechado e se por parte dalgún sector desta

CEIPP da Ramallosa

Comunidade se considerase necesario realizar modificacións, procederíase ao establecemento das medidas correctoras oportunas.

Ao remate do curso escolar elaborárase unha memoria que reflectirá o grao de desenvolvemento deste Plan: resultados acadados, actividades realizadas, dificultades atopadas...

8. **ALTERACIÓNS AO CALENDARIO ESCOLAR**

Segundo dispón o Calendario Escolar para o presente curso 2023/24, no referido á solicitude de dous días non lectivos, o Consello Escolar acordou solicitar un dos festivos locais que estableceu o Concello: 9 de maio (día da Ascensión) e o 10 de maio.

9. **SEGURO ESCOLAR**

A ANPA do centro propón nos últimos cursos contratar unha póliza de seguros para o alumnado. A xestión da mesma correrá a cargo desta asociación de nais e pais, contando coa colaboración do centro para a divulgación e trámites. O pagamento realizarase a través de transferencia.

10. ORZAMENTO

Como queira que os presupostos son elaborados por ano natural, presentamos o correspondente ao ano 2023, que é o mesmo que figura na memoria do último curso. A comezos do ano 2024 o equipo directivo presentará os novos orzamentos.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS DO CEIP DA RAMALLOSA PARA O EXERCICIO 2023

A) Estado de ingresos:		
a) Dotacións procedentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		
a.1) Gastos de funcionamento.(non saíu publicado. Figura o do ano 2022)		34.444,44 €
a.2) Programa de libros de texto. (Importe do 2022)		7.831,36 €
a.3) Dotacións para a biblioteca escolar (fondos documentais, mobiliario e equipos - incluídos os ingresos mellora de bibliotecas escolares para estas finalidades)(Importe do 2021)		1.070,00 €
a.4) Fondos recibidos para o plan de mellora de calidade dos centros.		- €
a.5) Fondos recibidos para proxectos de ordenación e innovación educativa e similares.(Importe do 2022)		300,00 €
a.6) Comedores escolares. (estimado) (Importe do 2022)		113.338,90 €
a.7) Fondos recibidos da Secretaría Xeral de Política Lingüística. (Importe do 2022)		467,00 €
a.8) Outros (indicar): a.8.1) Plurilingüismo (Importe do 2022)		503,00 €
a.8.2) Seccións bilingües (Importe do 2022)		375,00 €
		44.590,80 €
a) Total dotacións procedentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		158.329,70 €
b) Os procedentes doutros organismos públicos, das institucións da Unión Europea ou doutros organismos internacionais (Concello de Teo – Importe do 2022)		1.408,71 €
c) Achegas económicas procedentes de legados e doazóns legalmente adquiridas, axudas e subvencións de calquera entidade ou institución privada, ou particulares.		- €
d) Ingresos derivados de convenios con persoas físicas ou xurídicas, de acordo coa normativa reguladora.		- €
e) Os procedentes do alleamento de bens mobles en desuso, que requirirán a autorización documental previa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.		- €
f) Os procedentes da prestación de servizos distintos dos remunerados polos prezos públicos dos servizos académicos, e os derivados das pequenas vendas de produtos obtidos polos centros a través das súas actividades lectivas.		- €
g) Os derivados do uso das instalacións do centro.		- €
h) Os remanentes do exercicio anterior.		118.760,06 €
i) Os derivados da venda de fotocopias e uso do teléfono.		- €
j) Achegas de entidades ou particulares para o pagamento dos servizos de comedor, residencias, instalacións deportivas e outros.		- €
k) Xuros da/s conta/s bancaria/s. Importe aproximado estimado		- €
l) Calquera outro ingreso, para o que se deberá contar coa autorización da xefatura territorial da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria.		- €
A) Total ingresos		278.498,47 €
B) Estado de gastos:		
1. Arrendamentos.		- €
2. Reparacións, mantemento e conservación.		1.500,00 €
3. Material de oficina.		1.000,00 €
4. Subministracións (Inclúe TICS e fondo solidario de libros)		51.000,00 €
5. Comunicacións.		100,00 €
6. Transporte. (Inclúe a cargo do colexio: convivencias, Xirimbao)		2.000,00 €
7. Traballos realizados por outras empresas.		6.000,00 €
8. Primas de seguro.		- €
9. Tributos.		- €
10. Axudas de custo e locomoción. (Inclúe itinerancia profesorado compartido, desprazamentos oficiais...)		500,00 €
11. Gastos diversos. (Inclúe gastos representación, seguridade, farmacia...)		1.650,00 €
12. Mobiliario e utensilios inventariables.		1.000,00 €
13. Outros materiais inventariables.		- €
14. Comedores escolares. Importe aproximado estimado		140.000,00 €
B) Total gastos:		204.750,00 €
C. Ingresos - gastos (A-B)		73.748,47 €
(Remanente que se incorpora ao exercicio 2024 en comedor e funcionamento)		
D. Saldo da/s conta/s bancaria/s (*)		
E. Diferenza saldo banco - xustificación (D-C)		

O presente orzamento foi aprobado polo Consello Escolar na sesión Ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2023.

O DIRECTOR

A SECRETARIA

Asdo: Rafael Vilar Seoane

Asdo: Janet Flores Garcia

11. ANEXO

ANEXO I

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO 2023-24

1. INTRODUCCIÓN

O noso Plan Anual do Departamento de Orientación pretende reflectir as liñas prioritarias de actuación do Departamento de Orientación para o actual curso académico 2023-2024, e se desenvolverá en conformidade co establecido na Orde do 24 de xullo de 1998, que desenvolve o Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. As características do centro, ás cales adaptouse este plan, aparecen especificadas no Plan Xeral Anual, pretendendo, deste xeito, dar a resposta axeitada e contextualizada ás necesidades existentes.

O Marco Legal máis específico en base ao cal se desenvolve o Plan Anual de Orientación estaría de acordo co sinalado no Plan Xeral do Departamento de Orientación e no Decreto de Atención á Diversidade, actualizado pola Orde do 8 de setembro de 2021, polo que se regula a atención á diversidade da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; xunto coas circulares enviadas para o cumprimento dos mesmos.

No deseño deste Plan fíxose unha avaliación inicial de necesidades do centro ademais de recoller conclusións da avaliación da memoria do curso anterior das que se deducen as liñas preferentes para o presente curso escolar e fai referencia á concreción anual do Plan de Acción Titorial e do Plan Anual de Atención á Diversidade.

2. ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

2.1. Constitución

Segundo acta do Departamento, con data 6 de setembro de 2022, o D. O. deste centro queda constituído de forma definitiva para o curso 2023-2024, polos seguintes compoñentes:

Mónica Seoane Maseda, Coordinadora de E.I.

M.^a Isabel Fabeiro Pérez, Coordinadora de 1º Ciclo de Ed. Primaria.

Marta Iglesias Cardeso, especialista en Pedagogía Terapéutica e Coordinadora de 2º Ciclo

José Juan Eiras Sánchez, especialista en Pedagogía Terapéutica e coordinador de 3º Ciclo

Ana Isabel Costa Piñeiro, especialista en Audición e Linguaxe e xefa de estudos.

Alba Botana Iglesias, especialista en Audición e Linguaxe.

Isaura Cacheda Cajaraville, xefa do Departamento de Orientación.

2.2. Funcións dos compoñentes:

As funcións dos compoñentes do Departamento de Orientación, tanto dos coordinadores de nivel como dos mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica e en Audición e Linguaxe e da Xefatura do Departamento, están contemplados no Decreto 374/96 e 24 de Xullo de 1998 tendo en conta o Decreto 120/1998, do 28 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e tal como figura no Plan Xeral de Orientación.

3. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN E OBXECTIVOS XERAIS

Como estratexias de intervención utilizaremos o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Acción Titorial, cos seus subprogramas:

1. Plan de acollida ao novo alumnado.
2. Continuaremos co Proxecto de Convivencia levado a cabo o curso anterior *Ramalloseir@s pola convivencia*.
3. Continuación co PEM (Plan Estratéxico de Mellora), iniciado o curso pasado, donde se dará continuación ás actividades panca.
 4. Coordinación cambio de etapa: Transición de Infantil a Primaria.
 5. Proxecto Guíame (6ºEP), de transición de Primaria a Secundaria.

4. LIÑAS PRIORITARIAS DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Neste PAADO, establécense as actuacións a desenvolver polo Departamento, os responsables de cada actuación, as persoas a quen van dirixidas, a forma na que se desenvolven e a pertinente temporalización.

Actuacións xerais:

- Analizar as necesidades do Departamento de Orientación e completar o material existente para o desenvolvemento das súas tarefas. (Material e cadernos de probas, cuestionarios de aplicación, follas de derivación, solicitude, informes finais...).
- Arquivar, custodiar e garantir a confidencialidade dos informes ou outra documentación elaborada e recollida por diferentes fontes.
- Valorar as necesidades educativas do alumnado e propoñer medidas de atención á diversidade.
- Colaborar co profesorado titor na avaliación inicial do alumnado que comeza a súa escolarización realizando as avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes escolares cando se consideren pertinentes.
- Identificación temperá de necesidades educativas do alumnado, e priorizar aqueles casos máis urxentes.
- Asesorar e ofrecer apoio técnico para a posta en marcha das actividades programadas no Plan de Orientación, no Plan de Acción Titorial e no Plan de Atención á Diversidade.
- Ofrecer asesoramento e apoio ao profesorado en xeral no seu proceso de ensino ante problemáticas concretas co alumnado con NEAE
- Fomentar a colaboración familia-escola.
- Manter contacto con outras asociacións e institucións da zona externas ao centro.

Actuacións referidas ao centro

- Colaborar co equipo directivo en todo o referente a orientación e intervención de alumnos
- Ofrecer asesoramento e apoio aos órganos unipersoais e colexiados nas funcións específicas de orientación.
- Colaborar na elaboración e/ou actualización do PAT.
- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro, nos termos que se establezan e nos proxectos de mellora e calidade do ensino (Proa+, Avaliacións, ...).

Actuacións referidas ao alumnado

- Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe .

CEIPP da Ramallosa

- Atender ás demandas persoais de orientación que se presenten.
- Revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo que estea a recibir o alumnado para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE
- Dar resposta ás necesidades educativas que presente o alumnado. Avaliar e propoñer as pertinentes medidas de atención á diversidade.
- Diseñar dentro do PAT programas de acción que incidan na asunción de valores respecto aos demais, favorecendo un clima de convivencia no centro e asesorando, colaborando e incorporando contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos, e a igualdade, hábitos de tolerancia, respecto aos dereitos dos demais, ...
- Desenvolver propostas de mellora no rendemento escolar de alumnado que presente carencias considerables.
- Este curso levaremos a cabo un programa de reforzo educativo nas materias instrumentais, PROA+, coa colaboración dunha profesora (en réximen de media xornada) que intervirá cun grupo de alumnos de 4º, 5º E 6º de Educación Primaria que se desenvolverá ao longo de todo o presente curso escolar.

Actuacións referidas ao profesorado

- Colaborar cos titores e titoras na avaliación Inicial do alumnado con NEAE que comeza a súa escolarización no centro, facendo, se é o caso, a avaliación psicopedagóxica necesaria.
- Colaborar co profesorado no deseño, desenvolvemento e seguimento das medidas de atención á diversidade.
- Realizar, cando sexa preciso, coa colaboración do profesorado, as avaliacións psicopedagóxicas.
- Colaborar, cos titores ou titoras, cos especialistas e profesorado de apoio, na elaboración das Adaptacións Curriculares nos casos necesarios.
- Promover a coordinación das actuacións do profesorado titor e do profesorado de apoio no referente ao alumnado con NEAE.
- Promover a coordinación do profesorado coas familias .

Actuacións referidas ás familias

- Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE
- Contribuír a favorecer a relación familia-comunidade escolar, desde a comunicación telefónica, presencial ou telemática.
- Levar a cabo entrevistas persoais con nais ou pais de alumnos.
- Informar, coa colaboración do director e orientador do IES de Cacheiras, aos pais e nais do alumnado que remata a Etapa de Primaria e inician a seguinte etapa de educación secundaria obrigatoria.

Actuacións referidas a institucións externas ao centro

- Coordinarse co departamento de Servizos Sociais do Concello, sobre casos de familias de alumnos e alumnas que posúan algún tipo de problemática ambiental-familiar en colaboración cos titores e titoras.
- Coordinarse cos Servizos Médicos correspondentes por medio das familias afectadas ou directamente seguindo o protocolo acordado polo EOE da provincia de A Coruña e os acordados pola Consellería de Cultura e Educación.
- Coordinarse con outras institucións académicas e asociacións (Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Óptica e Optometría, Aspanaes e outros gabinetes externos privados no que sexa necesario, nos que reciben atención o noso alumnado.
- Elevar propostas ao centro sobre actividades a desenvolver por outras institucións (Concello, Universidade, CAFI): habilidades sociais, violencia de xénero, igualdade, Autoestima, interculturalidade...) Desenvolveranse previo acordo os obradoiros propostos polo Concello sobre igualdade e autoestima e a colaboración no día internacional da eliminación da violencia contra a muller.
- Coordinar accións para a incorporación dos nenos do CRA de Teo.
- Coordinar e colaborar co Dpto. de Orientación do IES de Cacheiras para programar actividades de cara á incorporación dos alumnos deste centro ao IES
- Solicitar intervención e/ou asesoramento dos especialistas do EOE nos temas que se considere necesario.

- Informar e cumprimentar a documentación referida aos datos sobre o alumnado con NEAE existentes no centro requirida polo servizo de Inspección no mes de outubro e no mes de xullo.

5. AVALIACIÓN E DETECCIÓN DAS NECESIDADES

Para o deseño e posta en práctica deste plan fíxose unha avaliación inicial de necesidades do centro, así coma unha análise dos recursos educativos, asistenciais, sociais existentes na zona cos que poder contar. As estratexias que se empregan para tal fin son:

- Revisión e análise da documentación do centro, avaliacións anteriores e inicial.
- Aplicaranse os test e/ou probas necesarias para a avaliación e detección das necesidades e a intervención axeitada.
- Reunións entre titores/as, equipo docente, orientadora e mestres especialistas en PT, AL
- Reunións da orientadora e mestres/as de PT e AL para revisar informes de alumnos con NEE E NEAE, analizar as propostas de medidas de atención a diversidade (agrupamento dos alumnos/as, desdobres, ACIS, RE, Apoios, ditame de escolarización, aplicación dos programas proxectados,...) do alumnado de nova incorporación ao centro. Analizar e levar a cabo o seguimento do alumnado do curso pasado con medidas de atención á diversidade, así como cos repetidores.
- Entrevistas coas familias.
- Colaboración e contactos, co servizo de inspección de zona , E.O.E, servizos sociais, gabinetes psicolóxicos, profesionais sanitarios,
- Análise e revisión da Memoria .

AS NECESIDADES EDUCATIVAS mais importantes a ter en conta para este curso son as seguintes:.

Relativas ao alumnado:

- Observación e/ou atención do alumnado derivado do CRA que presenta necesidades específicas de apoio educativo (Previa reunión en setembro coa Orientadora e especialista do CRA).
- Avaliar aquel alumnado “de nova incorporación susceptible” de informe psicopedagóxico.

CEIPP da Ramallosa

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas pertinentes e actualización das anteriores así como realización de informes de seguimento.
- Revisión e actualización e/ou das AC feitas e elaboración das ACI para os alumnos que así o determine o informe psicopedagóxico.
- Necesidade da valoración de alumnado de Primaria polos membros especialistas do EOE se fose preciso segundo a súa evolución.
- Valorarase a necesidade de pasar a Batería de Aptitudes de forma colectiva nos cursos sinalados no PAT coas variacións que se consideren oportunas, en función das necesidades.
- Necesidade de axustar os horarios para atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que seguirán os **CRITERIOS ESTABLECIDOS** polo Departamento de Orientación para establecer preferencias dos apoios recibidos polo alumnado. Estes serían os seguintes:
 - 1) Preferentemente o alumnado con NEE (asociado a discapacidade física, psíquica ou sensorial ou ben por trastorno grave de conduta) con informe psicopedagóxico, (xa sexa do D.O., ou do E.OE, ou do Servicio Médico ou Asociación con convenio coa Consellería).
 - 2) Alumnado con Adaptación Curricular Significativa.
 - 3) Alumnado repetidor que non superan as áreas instrumentais e presenten necesidades específicas de apoio educativo (Dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por déficit de atención e hiperactividade, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar desfavorable) previo informe psicopedagóxico. Con prioridade das dificultades permanentes.
 - 4) O alumnado de Educación Infantil. Nos casos de articulación, atenderase cando se considere oportuno, xeralmente a partires dos 5 anos e, excepcionalmente, si así o require a importancia da súa dificultade articulatória.

Os apoios serán informados previamente polos titores/as e autorizados polas familias.

Terase en conta o aproveitamento do apoio.

Actualmente, neste curso académico, contamos con outra especialista en audición e Linguaxe, posto que a especialista definitiva ocupa un cargo directivo. Están atendidos pola especialista en Audición e Linguaxe 27 alumnos e alumnas, non sendo posible levar a cabo o Programa PELO de estimulación á linguaxe oral. A xefa de estudos e especialista en AL atende a 6 alumnos/as. Polo especialista en Pedagogía Terapéutica definitivo no

CEIPP da Ramallosa

centro, atende actualmente a 8 alumnos e alumnas e, a mestra especialista en PT provisional no centro, a 8 alumnos e alumnas.

Así mesmo, o coidador do centro, atenderá, nun principio, a un alumno de E.I., cun diagnóstico de TEA, outro de Educación Primaria diabético, un deles usuario do comedor. Un alumno de educación primaria, con diagnóstico sen especificar, compatible cun TEL, tamén usuario de comedor e dous alumnos de Educación Primaria con TEA, un deles usuario do comedor, así como aquel alumnado que así o requira ao longo do curso. Acompañaraos (traslados, aseo, recreo, comedor,...) cando falta e/ou nas saídas organizadas polo centro.

- Asesorar na programación dos plans de intervención axeitados a cada alumno con necesidade específica de apoio educativo.
- Orientación académica ao alumnado no traslado á etapa da E.S.O. e elaboración dos informes do alumnado con NEAE
- Colaborar no fomento da educación en valores e mellora da convivencia no centro .

Relativas ao profesorado

- Dinamización tutorial.
- Coordinación do D.O. na atención a alumnos con NEAE
- Asesoramento e colaboración co profesorado, no deseño, desenvolvemento e seguimento das medidas de atención á diversidade que existen no centro (ACS, reforzos educativos...)
- Coordinación titor/a e especialistas en AL e PT na elaboración de material específico para o alumnado con neae.
- Emprego dos documentos de derivación elaborados polo D.O., para a súa cumprimento por parte do profesorado, cando se solicite, si é preciso, a avaliación psicopedagóxica. Esta avaliación considérase necesaria só cando, despois da observación do alumnado, detección das súas necesidades e esgotadas as medidas ordinarias na aula por parte do profesorado, non teñan o resultado desexado e se consideren insuficientes.

Relativas ás familias

- Necesidade de facilitar unha maior implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos proporcionándolle a información necesaria. (o presente curso a poder ser preferiblemente telefonicamente ou de maneira telemática)

- Necesidade de maior información/orientación aos pais, no que se refire ao desenvolvemento dos alumnos no desenvolvemento da etapa en canto á competencia curricular así como nos cambios de etapa e no coñecemento dos cambios no sistema educativo.

Relativa aos centros adscritos.

- Proceder ás actuacións acordadas para o alumno sobre o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo do CRA de acordo coas informacións recollidas coa directora e a orientadora do mesmo. Coordinación co orientador do IES de Caicheiras ao que estamos adscritos.

Convén recalcar que, tanto para a detección das necesidades como para poñer en marcha o plan de orientación, é preciso contar coa colaboración especial do equipo docente, equipo directivo e, en xeral, de toda a comunidade educativa.

6. RECURSOS

Tanto os recursos humanos como os recursos materiais, utilizaranse todos aqueles dos que dispón o centro educativo. Temos que destacar en canto aos recursos humanos, que neste curso igual que o anterior, se dispón dunha segunda mestra especialista en PT, que colaborará na atención do alumnado con NEAE

Contamos ademais cunha mestra especialista en AL, en réxime de media xornada, que comparte a súa labor docente con outro centro da zona.

En canto aos recursos materiais, ademais dos materiais dispoñibles no centro, utilizaranse: escalas de observación, probas psicopedagóxicas, material escolar e material de reforzo, expedientes, informes e documentos sobre lexislación educativa.

7. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada para o desenvolvemento do plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de todas as persoas implicadas no mesmo. Partirase dos coñecementos previos do alumnado (avaliación inicial); procuraranse actividades e procedementos de avaliación diversificada adaptándose aos diferentes niveis e intereses do alumnado.

En canto á orientación educativa: Asesorar sobre as modalidades de apoio e temporalización do alumnado. Levar a cabo unha coordinación axeitada e de calidade cos profesionais do centro facilitando respostas diversificadas e axeitadas. Coordinación co AL e PT no seguimento das medidas de prevención e intervención co alumnado con necesidades

específicas de apoio educativo, todo para buscar boas respostas, análise das actuacións e procura da mellora.

8. CONCRECIÓN HORARIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- A principios de curso facilitarase á Consellería a información demandada na aplicación informática DRDADI.
- No mes de setembro darase información e procederase á elaboración dos informes das axudas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo convocadas anualmente polo Ministerio de Educación, Cultura e Deportes. Neste mes de setembro fixéronse 18 informes solicitados polas familias con motivo da solicitude destas Becas.
- Revisión da documentación do D.O. e do centro.
- Reunións cos distintos membros do equipo directivo.
- Reunións co profesorado, especialmente co profesorado especialista en PT e AL para revisión das dificultades de aprendizaxe, análise das propostas de medidas de atención á diversidade (RE, Apoios, AC), do alumnado de nova incorporación ao centro, revisión dos existentes e análise do seguimento ao final de curso coas medidas a seguir.
- Elaboración do Plan de orientación, da concreción do plan anual de Atención á diversidade e revisións do PAT.
- Farase reunións, dunha sesión á semana, cos especialistas en PT e AL.
- Observacións, procedementos, criterios e documentos para as avaliacións psicopedagóxicas.
- Elaboración dos informes respectivos ás mesmas.
- Atención ós titores, especialistas e ao alumnado.
- Horario de atención aos pais. (presencialmente, preferiblemente os martes á tarde, telefonicamente ou de maneira telemática)
- Reunións co CRA de Teo ao principio e ao remate do curso.
- Reunións cos servizos sociais, psicóloga, ...do Concello e asociacións.
- Atención , observacións e avaliación psicopedagóxica aos alumnos con NEAE
- Reunións trimestrais no I.E.S. de Cacheiras.
- Reunións de avaliacións trimestrais dos distintos Niveles e Etapas.

CEIPP da Ramallosa

- Recepción das familias que precisan e demandan axuda do Departamento, coas medidas de seguridade garantizadas.
- Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunión do Departamento de Orientación, Nivel, Claustro, Act. Extraescolares e complementarias,....
- Elaboración da Memoria do Plan Anual de Actividades de Orientación.
- Facilitar a información que se demanda por parte da Consellería na aplicación informática a final de curso : DRDORIENTA.

9.AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación farase ao longo de todo o proceso, o que permitirá facer revisións e modificacións, se así fora, do programado inicialmente a través das distintas reunións (do departamento, titores, ciclos,...) .

Se avaliarán os obxectivos programados nun principio e os que se vaian introducindo durante o curso.

A avaliación farase en tres momentos:

- Avaliación Inicial: Tendo en conta as suxestións que fan os profesores/as e as necesidades prioritarias.
- Ao longo do curso, despois de rematadas determinadas actividades.
- Avaliación final: Ao remate do curso farase unha reflexión e análise xeral de todo o plan (Memoria), que servirá de referencia e mellora para o plan do próximo curso.

Na realización desta avaliación e seguimento do Plan de Orientación teranse en conta as observación e conclusión dos distintos membros da comunidade educativa, dos resultados acadados, e das diferentes propostas de todos os implicados na acción orientadora.

ACCIÓNS DO PAT

Obxectivos específicos e Actividades		Período de Tempo	Axente/s
Facilitar a adaptación escolar do alumnado no colexio e lograr a súa inserción no grupo.	- Período de adaptación: Presentación do titor/a e outro profesorado. Presentación do alumnado Xogos de coñecemento mutuo.	1º trimestre	Titor/a (Especialmente con alumnos novos e E.I.)
	- Coñecemento do colexio: A aula O centro As dependencias e servizos Estrutura organizativa		Titor/a Sería conveniente con todos os alumnos
Establecer vínculos entre a escola e a familia (información e colaboración).	- Reunións colectivas cos pais	1º trimestre	Titores (principalmente) e profesorado especialista, se é o caso
	Manter reunións individuais cos pais presencialmente, telefónicamente ou por videoconferencia	Ao longo do curso	Titores, especialistas, orientadora

Obxectivos específicos e Actividades		Tempo	Axente/s
Recoller información escolar, persoal, familiar e social do alumnado a través de diferentes instrumentos (expediente persoal, cuestionarios, fichas de seguimento da súa evolución, entrevistas, etc) que favoreza unha adecuación da intervención educativa e psicopedagóxica para desenvolver ao máximo as súas potencialidades.	Análise do historial familiar, académico, persoal e social do alumno.	1º trimestre	Profesorado titor Profesorado especialista Orientadora
	Confección de probas e informes de avaliación inicial. Estudio de informes de final de Ciclo ou de cambio de titor.		Profesorado titor Equipo de profesores Orientadora
	Entrevistas cos alumnos e cos pais. Elaboración e/ou consulta de informes de alumnos con NEE e NEAE	Ao longo do curso	
Prever e/ou analizar as dificultades de aprendizaxe, de comportamento e de integración que presenten algúns alumnos e adoptar medidas que traten de paliar esas dificultades.	Análise do rendemento académico Estudio das dificultades de aprendizaxe Alumnado con N.E.A.E. Creación de grupos de apoio Aplicar medidas de Reforzo Educativo e/ou A.C. Instrumentos: Elaboración de informes e seguimento da competencia curricular do alumno nas diferentes áreas, obxecto de RE. Boletíns de información académica e informes finais de Ciclo e/ou etapa.	Ao longo do curso, sobre todo nas sesións de avaliación, con profesores e alumnos.	Profesorado titor Equipo de profesores Profesorado de apoio en NEE e NEAE Orientadora

Obxectivos específicos e Actividades		Tempo	Axente/s
<p>Recoller información sobre a estrutura dinámica do grupo e intervir se fose necesario para recompoñer dita dinámica.</p>	<p>Aplicación de sociogramas. (Valorarase en función das necesidades do grupo)</p> <p>Xogos de rol (Valorarase en función das necesidades do grupo)</p> <p>Dinámicas de cohesión de grupo</p>	Ao longo do curso	Titores/as Orientadora
<p>Promover actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación dos alumnos na vida da aula, do centro e do entorno: reparto de responsabilidades de aula, elección de delegados, participación na elaboración de normas de aula, resolución dialogada dos conflitos, organización de festas e excursións, actividades culturais, etc.</p> <p>Incorporar contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos e a igualdade, habilidades sociais</p> <p>Fomentar os valores cívicos e sociais a través do visionado de películas co programa CINEENSINO</p>	<p>Adecuando as actividades ao nivel de desenvolvemento dos alumnos:</p> <p>Elaborar normas de aula e facer un seguimento da súa posta en práctica.</p> <p>Elección de delegados/as</p> <p>Organización de festas (magosto, entroido, samaín...)</p> <p>Tratar dereitos e deberes</p> <p>Resolución de conflitos. Mediación escolar</p> <p>Valores cívicos e sociais</p>	Ao longo do curso	Profesorado titor Orientadora

<p>Contribuír á personalización da educación adaptando os currículos, programando o desenvolvemento individual e social.</p> <p>Potenciar hábitos de formación integral nos diferentes ámbitos de desenvolvemento da vida da persoa humana</p> <p>Desenvolver hábitos de respecto e tolerancia entre iguais</p>	<p>- Área física e de saúde:</p> <p>Traballar hábitos de coidado físico, alimentación, hixiene e consumo.</p> <p>Programa de prevención de riscos aditivos "Saúde na Escola".</p> <p>Obradoiros de educación ambiental.</p> <p>- Área cognitiva:</p> <p>Hábitos e técnicas de estudo (3º Ciclo)</p> <p>Pasar un cuestionario sobre hábitos de estudo a alumnos e alumnas de 5º e 6º</p> <p>- Áreas de transversais</p> <p>Educación para a Paz .(Obradoiro de Interculturalidade, de Habilidades Sociais...)</p> <p>Educación para a igualdade.</p> <p>Violencia de xénero, autoestima,</p> <p>Educación para a saúde (Saúde na Escola,...)</p> <p>Educación Vial.</p> <p>Educación do Consumidor.</p>	<p>Ao longo do curso</p> <p>A través de programas específicos ou en datas relevantes</p> <p>Ao longo do curso</p> <p>Ao longo do curso e en datas relevantes (día da paz ...)</p>	<p>Profesorado titor Equipo de profesores Orientadora</p> <p>Responsable do equipo de prevención de drogodependencias Orientadora Titores/as</p> <p>Profesorado titor Orientadora</p> <p>Profesorado titor Orientadora Outros profesionais (da saúde, traballadores sociais, persoal externo ao centro...)</p>
---	---	--	--



<p>Informar ao alumnado sobre o significado de cambio de curso e sobre todo do cambio de ciclo</p>	<p>Información o máis detallada posible e adaptada a cada nivel</p>	<p>3º trimestre</p>	<p>Titores/as. Orientadora</p>
<p>Informar ao alumnado, sobre todo nos últimos cursos de Primaria, sobre os criterios de avaliación e promoción.</p>	<p>Facer sesións de avaliación cos alumnos/as</p>	<p>Trimestral e fin de curso</p>	<p>Titores Equipo de profesores/as</p>
<p>Orientar ós alumnos de 6º de Primaria das características da etapa da E.S.O.</p> <p>Promover encontros de convivencia a través do deporte entre o alumnado de 6º curso dos Ceip de Calo, Ramallosa e Tilos, centros dos que o alumnado de 6º se integran, maioritariamente, no IES de Cacheiras</p> <p>Programar xornadas de portas abertas no IES de Cacheiras para alumnado de 6º a fin de que coñezan as dependencias do propio IES</p> <p>Programar xornadas de convivencia para o alumnado procedente do CRA</p>	<p>Información ao alumnado (6º) da estrutura da E.S.O. Proxecto Guíame</p> <p>Charlas informativas ao alumnado de 6º curso, entregas de dossiers, visita ao centro receptor de E.S.O.</p> <p>Reunións de coordinación</p> <p>Sesións informativas conxuntas coa orientadora e o orientador do IES de Cacheiras</p> <p>Sesións informativas a pais e nais do alumnado de 6º</p> <p>Programación de xornadas de portas abertas no IES con actividades de convivencia a través do deporte, co alumnado do mesmo.</p> <p>Programación de xornadas de portas abertas no colexio con actividades de convivencia a través do deporte, co alumnado do mesmo.</p>	<p>3º Trimestre</p> <p>Unha xornada de convivencia por trimestre en cada centro</p> <p>Derradeiro mes do curso</p> <p>Derradeiro mes do curso</p>	<p>Titores/as</p> <p>Orientadora</p> <p>Titores/as</p> <p>Xefe de estudos</p> <p>Orientadores dos Ceip Orientadora do IES</p> <p>Director do CEIP Director do IES Directora do CRA</p>

12. DILIXENCIA DE APROBACIÓN DO PLAN POLO CONSELLO ESCOLAR.

Este Plan Xeral Anual, xunto co anexo I, foi informado positivamente polo Claustro de Profesores e aprobado polo Consello Escolar nas reunións celebradas o día 10 de outubro de 2023.

Ramallosa, a 10 de outubro de 2023

A Xefa de Estudos

O Director

A Secretaria

Ana Isabel Costa Piñeiro

Rafael Vilar Seoane

Janet Flores García